

## **SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 27 DE NOVEMBRO DE 2014**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e sete de novembro de dous mil catorce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño e dona Elisa Pestonit Barreiros, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, de EU; dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto e don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Non asiste, con escusa, dona M<sup>a</sup> Eugenia Mantiñán Méndez, de UniónxCambre.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1. PARTE RESOLUTIVA**

#### **1.1. Proposta de aprobación do expediente de transferencia de crédito número 15/2014**

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo do día 21 de novembro de 2014.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda do día 25 de novembro de 2014.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo mantén a posición das comisións informativas e vaise abster.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que eles vanse abster tamén, pero tamén queren que consten en acta as manifestacións do concelleiro nas comisións informativas, onde dixo textualmente respecto do transporte metropolitano, que o motivo da variación non o sabía. Parécelle que levar a unhas comisións informativas, onde teñen que debater precisamente o que traen hoxe a pleno, e non saber a que corresponde ese tipo de variación, parécelles

como mínimo reprobable, e di que esas son palabras textuais do concelleiro. Dixo que o motivo da variación do tema do transporte metropolitano non o sabía, que se paga con base nun convenio, iso dixo. Realmente pagar algo que non saben, entenden que hai que pagalo, pero deberían darlles máis explicacións ao respecto. Conclúe que tamén se van abster.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que dende o seu grupo tamén se van abster, xa que teñen que votar e o seu voto tense en conta para cando é imprescindible ou para cando están obrigados a que se voten determinadas cousas, teñen que votar, pero decántase pola abstención.

Abstéñense, entre outras cousas, porque as transferencias de crédito das que trata este punto non deixan de ser males menores, ou remendos, duns orzamentos mal feitos dende o inicio. Insisten no de sempre, orzamentos non consensuados, non participativos, non apoiados pola Corporación. Por poñer un exemplo, para o ano 2014 destináronse inicialmente 120.000 euros para a partida de festexos populares, que viña xa aumentada en 10.000 euros respecto da do ano 2013, por se iso fora pouco destinan 9.000 euros máis a festexos populares, e aínda así non chegan e con esta proposta, con esta transferencia de crédito, inclúense 9.500 euros máis nesa partida, en detrimento doutras moitas partidas sociais das que eles levan facendo demanda, e caso omiso dende o Goberno. Por seguir co exemplo, e para que a xente tamén o saiba, en total os festexos populares este ano en Cambre lévanse 140.000 euros.

Dicía ao principio que deberían votar en contra, pero tendo en conta as cábalas que supoñen que teñen que chegar a facer os técnicos do concello para conseguir traballar cuns orzamentos chapuceiros e prorrogados, abstéñense á espera de que no último ano de lexislatura, e cunhas eleccións por diante, teñan a ben dende o Goberno consensuar os orzamentos do vindeiro ano con eles, cos grupos, pídenllelo xa aproveitando este punto, e tamén cos veciños, como non pode ser doutra forma, aínda que soamente sexa para quedar ben de cara ás municipais, e que polo menos un ano destes catro, teñan uns orzamentos medianamente dignos.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que o seu voto vai ser en contra.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC, manifesta que o seu voto vai ser manter o da comisión, a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD). Votan en contra os dous concelleiros do BNG, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC e os dous concelleiros de EU.

A Corporación, por nove votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito por transferencia de crédito número 15/2014, por importe de 45.862,87 euros co seguinte detalle:

Aplicación orzamentaria		Crédito anterior	Transferencia positiva	Transferencia negativa	Crédito definitivo
241.470	Axudas á contratación fomento emprego	114.954,21		45.862,87	69.091,34
441.450	Plan transporte metropolitano	130.000,00	28.801,68		158.801,68
334.226091	Actividades culturais	134.673,21	7.586,16		142.259,37
338.22608	Festexos populares	129.000,00	9.475,03		138.475,03
	Totais	508.627,42	45.862,87	45.862,87	508.627,42

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de edictos do concello, para efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.

## **1.2. Aprobación, se procede, do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015**

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Obras e Servizos de data 21 de novembro de 2014.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Obras, Servizos e Urbanismo do día 25 de novembro de 2014.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do PGD e concelleiro delegado de Obras e Servizos, explica que do que se trata este ano no POS é de rematar a substitución de todas as canalizacións, o tubaxe de abastecemento que hai de fibrocemento. Con este investimento queda totalmente saneado este tema no Concello de Cambre. O investimento que se fai é de 349.787,47 euros. Iso en canto ao POS principal.

No complementario vanse mellorar as beirarrúas que están na rúa do Temple, en torno ao Paraugas. As obras consisten na renovación das beirarrúas, no traslado da parada do bus un pouco máis cara a Cambre, ao lado da entrada da praza da Ría, onde tamén se vai mellorar a saída, así como un tramo de saneamento á marxe esquerda dirección Paraugas, ou dirección Cambre marxe dereita, que está aínda sen el. Esas obras e ese investimento é de 113.872,42 euros.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que en principio a obra que se presenta para o plan principal do POS, en concreto a denominada “Seguridade viaria na AC-214 e renovación da rede de abastecemento entre Frais e A Mota”, eles a consideran un proxecto útil, entre outras cousas porque obedece a unha demanda reiterada dos veciños da zona, dos veciños dos rueiros de Frais, A Mota, Aldea de Arriba e Mediavila, que viñan demandando a renovación dende hai tempo da rede, sobre todo da rede de abastecemento de fibrocemento que estaba instalada e que, como ben se di no informe que se acompaña do enxeñeiro municipal, estaba sufrindo moitas roturas e moitas fugas de auga. Ademais, tamén é o último tramo que quedaba instalado de rede de abastecemento de auga por fibrocemento, que é un produto elaborado a raíz do amianto, do asbesto, e que non é

o máis adecuado nestes tempos en canto á salubridade da auga que se subministra por esa rede.

Entenden, polo tanto, que é un proxecto útil. Eles xa o teñen demandado tanto en iniciativas plenarias como tamén a través de escritos remitidos ao Goberno municipal, e cren que esta vez o equipo de goberno ten sido sensible ás demandas dos veciños de Cecebre, deses rueiros. Pola súa parte, felicitan ao Goberno municipal por traer ao POS un proxecto desas características que, aínda por riba, inclúe algo a maiores que entenden tamén necesario, aínda que en certa forma pode resultar insuficiente, que é que para garantir a seguridade viaria se constrúa un caz transitable. Non obstante, vai estar á mesma altura que o resto do firme da AC-214, e habería que mirar de melloralo creando unha verdadeira senda peonil que dá máis seguridade aos veciños.

Conclúe reiterando que entenden que é unha obra necesaria, unha obra útil, e unha obra demandada, polo que o seu voto vai ser favorable.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que eles manteñen o voto da comisión e vanse abster.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que eles consideran que se trata dunhas obras que son necesarias e que van beneficiar aos veciños, por iso non van votar en contra, vanse abster.

O que si quere dicir é que non coinciden nas formas, como veñen reiterando ao longo dos anos. A pesar de que son unhas obras que xa foron pedidas en pleno por outro grupo político, cre que cando se fai un proxecto do POS deberíase tamén consultar ao resto dos grupos e dicirlles xa de antemán o que se pretende presentar e como se vai distribuír o diñeiro. Por exemplo, aquí hai unha partida que se vai dedicar a corrixir a débeda, para amortización da débeda, que son sobre 47.000 euros, e eles tamén querían participar en ver se era necesario investir eses 47.000 ou 25.000 ou máis.

Por iso di que este tipo de iniciativas non son participativas, de aí a súa queixa e por iso se van abster, aínda coincidindo en que son unhas obras necesarias para os veciños, neste caso de Frais e da Mota.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que o seu grupo vaise abster.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC, manifesta que comparte a opinión doutros voceiros que lle precederon na palabra, son unhas obras necesarias e, polo tanto, vai votar a prol da proposta.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), e abstéñense os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por catorce votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras e subministración que o Concello ten previsto realizar, ou a dedicación ao dos gastos corrente do exercicio 2015 ou amortización anticipada da débeda, e de acordo co financiamento que se indica:

**A) Realización de obras e subministracións:**

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
SEGURIDADE VIARIA NA AC-214 E RENOVACION DA REDE DE ABASTECIMENTO ENTRE FRAIZ E A MOTA (AC-214)	349.787,47 €	0,00 €	349.787,47 €
SUBTOTAL OBRA			349.787,47 €

Aprobar o proxecto da obra incluído na anualidade 2015 e que se relaciona nesta táboa.

**B) Financiamento de gastos correntes ou amortización da débeda:**

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	46.936,44 €
SUBTOTAL GASTO CORRENTE	46.936,44 €

**C) Resumo:**

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS	349.787,47 €	0,00 €	349.787,47 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	46.936,44 €	0,00 €	46.936,44 €
TOTAL	396.723,91 €	0,00 €	396.723,91 €

Segundo: Aprobar o Plan complementario do ano 2015 no que se inclúe a obra que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Denominación da obra	Presuposto
RENOVACIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA TEMPLE, CAMBRE	113.872,42 €
TOTAIS	113.872,42 €

Terceiro: Declarar que o Concello, ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Cuarto: Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2015 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2015 se a houbera.

Quinto: Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

Sexto: Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Sétimo: Autorízase á Deputación a obter certificación da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Oitavo: Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

### **1.3. Mocións urxentes en asuntos competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día**

Este punto non foi utilizado.

## **2. PARTE DECLARATIVA**

### **2.1. Declaracións institucionais**

Este punto non foi utilizado.

### **2.2. Mocións dos grupos municipais**

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PP. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata.

Así pois, a Corporación, por dezanove votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

### **A) Moción do grupo municipal do PP en conmemoración do Día internacional para a eliminación da violencia contra a muller**

Rexistrada de entrada ao núm. 0/9767 o día 21 de novembro de 2014. Consta do seguinte teor literal:

“Un ano máis no 25 de novembro conmemoramos o Día internacional para a eliminación da violencia contra a muller aprobado pola Asemblea Xeral das Nacións

Unidas no ano 1999 porque, non por recorrente, deixa de ser intolerable a violencia que nas súas distintas manifestacións se exerce contra as mulleres, sendo esta un atentado contra a dignidade e integridade física e supoñendo unha vulneración dos dereitos humanos.

Os poderes públicos teñen a obriga de adoptar medidas de acción positiva para facer reais e efectivos os dereitos fundamentais como a liberdade, a igualdade, a vida, a seguridade e a non discriminación tal e como figura na nosa Constitución, impedindo que ninguén se sinta vulnerable.

A nosa lexislación tanto no ámbito nacional como autonómico é moi completa e expeditiva, sendo o seu obxectivo a adopción de medidas integrais para a erradicación da violencia sobre a muller e ofrecer protección e asistencia tanto ás mulleres vítimas desta como aos seus fillos e fillas menores e/ou persoas suxeitas ao seu acollemento, así como dotando con medidas de prevención, sensibilización e formación coa finalidade de implicar a toda a sociedade.

A realidade é que o municipal é o ámbito no que viven as mulleres vítimas de violencia doméstica, de xénero, é no ámbito local no que máis se sente o duro impacto negativo do maltrato e da violencia de xénero. Dende os concellos, a primeira liña de atención cidadá, realizamos o primeiro esforzo de atención ás vítimas, coordinando todos os efectivos municipais cos recursos doutras administracións para apoiar activamente as persoas que sofren este problema.

Aínda que actualmente a nosa sociedade ten maior conciencia que en épocas anteriores sobre este tipo de violencia, grazas, en boa medida, ao esforzo realizado polas organizacións de mulleres, os medios de comunicación e as distintas administracións, esta actitude criminal segue pesando sobre a nosa sociedade, de maneira que aínda son moitas as persoas de todas as idades e condicións sociais, tolerantes con actitudes nas que se lles outorga ás mulleres o papel pasivo e aos homes o papel activo e dominador, polo que é labor de todos a dirección, prevención, sensibilización e educación para que non se prolonguen estes estereotipos entre os nosos adolescentes e novos.

As relacións sociais actualmente establécense tamén a través de redes sociais, ás que ninguén é alleo, polo que é imprescindible estar atentos a esta forma de relación, para previr outros medios de posible violencia protexendo a liberdade das persoas.

Os concellos, como administración máis próxima ao cidadán, deben seguir asumindo o compromiso firme, de incorporar no día a día a tarefa de previr, educar e concienciar durante todo o ano, a loita contra a violencia, esixindo ás demais administracións traballar conxuntamente xa que este problema só poderá solucionarse a través da concienciación e educación da cidadanía.

Estamos convencidos de que a educación é o pilar fundamental sobre o que traballar, incidindo sobre todo na educación en igualdade entre homes e mulleres, actuando incansablemente para que dende a familia e a escola se fomenten os valores de igualdade e tolerancia.

Por todo iso, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Volver manifestar con motivo do pasado 25 de novembro, Día internacional para a eliminación da violencia contra a muller, o maior e unánime rexeitamento á violencia de xénero, así como o apoio incondicional ás vítimas desta.

Segundo: Proclamar que a tolerancia cero cara á violencia contra as mulleres será unha constante na actividade desta Corporación e manifestar o seu compromiso para contribuír a erradicar a violencia cara ás mulleres.

Terceiro: Esixir que a administración estea dotada cos medios necesarios para propiciar a detección precoz, a asistencia e a atención das vítimas.

Cuarto: Realizar campañas de información e sensibilización permanentes a mulleres e homes que axuden tanto a detectar situacións de violencia como a previr actitudes que poidan desembocar nela. É de especial relevancia conseguir que os adolescentes e novos identifiquen as manifestacións de violencia e se impliquen na erradicación destas.

Quinto: Apoiar con todos os instrumentos posibles á comunidade educativa para que incida de forma efectiva na educación sobre a igualdade, xa que esta é o mellor xeito de previr a violencia.

Sexto: Continuar esixindo a todas as administracións que, aínda que na actualidade os recursos sexan escasos, non se escatime nos medios que axuden a aplicar políticas encamiñadas a erradicar a violencia contra as mulleres.”

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que, en primeiro lugar, quere comunicar aos cidadáns que están presentes que o seu grupo, co resto dos grupos, presentaron unha serie de propostas ao Partido Popular coa finalidade de mellorar o texto da moción que agora lles presentan. En concreto eran unhas cuestións moi sinxelas, ela cre que perfectamente asumibles por parte do PP, entre outras cousas pedían que se revisara a lei. Considerando a importancia que tivo a Lei integral contra a violencia de xénero, pedían unha revisión, dado que teñen pasado 15 anos dende que se aprobou e, loxicamente, dende aquel momento ata o de agora moitas cousas teñen variado nesta sociedade.

Pedían que se fixera constar na moción o número concreto de vítimas, como homenaxe ás persoas que faleceron como consecuencia deste problema, e pedían, entre outras cousas, que se incluían nos acordos medidas como a recuperación por parte dos concellos das competencias en materia de igualdade, ou ben a retirada das subvencións aos centros de ensinanza que segregan por sexos. Igualmente pedían que se promovera un pacto político social para abordar a violencia de xénero.

Manifesta que o seu grupo, en relación con esta moción, vaise abster, e gustaríalle explicar moi ben por que se van abster. Di que vaia por diante que o que aquí van tratar é unha mera declaración, non se trata da adopción de medidas concretas que vaian mellorar en absoluto a vida das mulleres que sofren ese problema, se así fora



non lle caiba dúbida a ninguén que o seu grupo se deixaríaa as pestanas nunha mesa de negociación para tratar de sacar un mínimo avance nesta materia.

Deixando claro que se trata dunha mera declaración, cren que a sociedade ten variado, e os membros do equipo de goberno deberían tomar nota nese sentido, cre que os cidadáns están un pouco fartos da política de meros xestos, e o que piden é que se actúe na política cunha postura honesta. Neste sentido, se nesta declaración o grupo socialista albiscara algún tipo de autocrítica na postura que o PP vén defendendo nos últimos anos, dilles que non lles caiba dúbida que eles votarían a prol. Pero cre que precisamente a moción o que albisca é exactamente o contrario. Cre que este é un día incómodo para o Partido Popular, cre que é un día no que saca á luz todas as súas vergonzas, e esta moción sen contido o único que pretende é ser utilizada como un lavado de cara para o PP.

Dicía que falta na moción algún tipo de autocrítica sobre as posicións do PP, porque están convencidos de que o problema que ten o PP respecto desta cuestión é que non comprenden a natureza do problema. Non comprenden que o problema da violencia de xénero xurde moito antes de que aconteza o lamentable suceso do falecemento dunha muller. É un problema enraizado socialmente, que ten o seu fundamento na consideración das mulleres como cidadáns de segunda, persoas de segundo nivel, e esta é a concepción que o PP ten das mulleres, cidadáns de segunda.

Considéraas de segunda cando non respectan que as mulleres poidan chegar a desenvolverse con autonomía, cando se reducen as axudas á dependencia, as bolsas de comedor, todas esas cuestións que afectan directamente á autonomía das mulleres e ao seu libre desenvolvemento como seres autónomos. Tamén cando defenden a desprotección laboral a través dunha reforma que puxo os niveis de paro feminino en cotas descoñecidas neste país.

Considéraas cidadáns de segunda cando é capaz de asistir impasible aos datos que indican que a maior parte das familias neste país con risco de exclusión social están constituídas por mulleres soas con fillos, e eles séntanse no Goberno sen facer absolutamente nada ao respecto.

Máis aló, consideran unha desvergonza esta moción cando o PP protagonizou ou intentou o maior ataque contra a autonomía da vontade das mulleres na historia da democracia deste país, pretendendo descoñecer a súa dignidade e cosificándoas, converténdooas en meras incubadoras a través dun proxecto de lei do aborto que finalmente tiveron que retirar, non como consecuencia de que eles teñan rectificadoo a súa postura, senón como consecuencia dun mero cálculo electoral.

Por outro lado, dilles que son contraditorios cando recoñecen que a educación é un instrumento fundamental para levar a cabo unha loita eficaz contra este problema, e ao mesmo tempo suprimiron da educación, a través da LONCE, a materia que estaba dirixida a loitar contra este e outros problemas que era educación para a cidadanía, ou cando recuperaron, en contra dunha sentenza do Tribunal Constitucional, a subvención a colexios privados que segregan por razón de sexo. Segregación, por outro lado, que non ten máis base que considerar ás mulleres como seres perturbadores para o desenvolvemento intelectual dos mozos adolescentes.

Conclúe dicindo que non van votar en contra desta moción simplemente por respecto ás vítimas de violencia de xénero, e porque, francamente, a moción está tan baleira de contido que non merece un voto en contra. Por todos estes motivos o seu grupo abstense na votación.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que non sabe se a proposta que lle presentou era só do PSdeG-PSOE, ou como acaba de dicir a Sra. concelleira de todos, porque nunha conversación que tiveron hai escasamente dúas horas, díxolle que era do PSOE nada máis.

Dona Margarita Iglesias Pais explica que ela ténllela presentado ao resto dos grupos e o resto dos grupos aceptárona.

Don Felipe Andreu Barallobre manifesta que el só falou con ela, non falou con ninguén máis. Poden estar aquí acusándose a ver quen dixo unha cousa e quen dixo a contraria, el preguntoulle, e de feito díxolle que lle estrañaba porque el pensaba que esa era unha proposta consensuada.

Dona Margarita Iglesias Pais pregunta en que afecta iso ao tema que están tratando.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que non afecta para nada.

A concelleira socialista pregunta se entón é secundario, ao cal o voceiro do PP contesta que totalmente, ou terciario.

O Sr. alcalde pide orde.

Don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC, manifesta que a el o texto non se lle presentou.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que se a proposta é de todos gustaríalle sabelo, porque ela envioulle un correo e agora acaba de facer a defensa dunhas propostas que se supón que fixeron entre todos, pero el pensaba, e perfectamente podería ser un malentendido, non hai ningún problema, pero el pensaba que eran só do PSOE, non pensaba que eran de todos os grupos da oposición.

Dona Margarita Iglesias Pais pregunta que quere dicir, que se por que eran do PSOE non se tiveron en conta.

Don Felipe Andreu Barallobre manifesta que non lle está dicindo tal cousa, non fai valoracións.

Intervén o Sr. alcalde para rogar, por favor, que respecten a quenda de palabra.

Concedida novamente a palabra a don Felipe Andreu Barallobre continúa dicindo que para que todo o mundo se aclare, eles esta moción presentárona o venres por rexistro de entrada, como ten que facerse, dentro do prazo legal, a presentaron o venres, e

non se tiña presentado ningunha outra moción sobre este tema, pola razón que fora. Nas comisións do martes ofrecéronlles a todos os grupos da oposición que lles fixeran as súas suxestións e que lles fixeran chegar o mércores, para valorar, consensuar un texto, e eles renunciar a presentala como grupo popular, de xeito que fora unha moción institucional, que fora de todos os grupos. Iso foi o que lles transmitiron o martes, para que presentaran as propostas o mércores.

O que se atoparon é que o xoves pola mañá, e di que dá igual que fora o mércores que fora o xoves, o que se atoparon foi unha proposta. Como ben lle dixo antes, eles están de acordo con moitas das partes que trata, pero só hai que escoitar a intervención da concelleira socialista para darse conta de por que non poden compartir as outras coas que non están de acordo. Porque a oposición aproveita, sistematicamente, temas moi graves que afectan a moita sociedade, nos que todo o mundo está concienciado, para facer política.

Eles presentaron unha moción moi aséptica, na que cren que todos os cidadáns poden estar de acordo, e a oposición aproveita un tema que lles preocupa e lles ocupa a todos, para facer política. Ese é o problema, para intentar cargar contra o contrario, contra o que está no Goberno ou contra o que sexa. E iso é algo que eles, sinceramente, non poden permitir, nin o van permitir, porque non é o carácter da moción que presentan.

Eles intentaban consensuar un texto de forma construtiva, non engadindo cousas que foran destrutivas contra os demais, que esa é a proposta que se lles fixo chegar. Por iso non se aceptaron esas propostas, ese é o motivo. Parécelle especialmente grave que ela se permita dicir que o PP é unha cousa ou a contraria, ou que pensan unha cousa ou a contraria, sen coñecer a vida persoal de ninguén. Ela non sabe se dentro da súa bancada, dentro do grupo de goberno, hai algunha persoa que sufriu esa situación en primeira persoa, e díllelo porque non é ninguén, é el mesmo, é un familiar directo seu que o sufriu toda a súa vida, e en paz descanse. Reitera que o sufriu en primeira persoa.

Parécelle detestable que ela veña aquí a facer un xuízo de valor sobre a súa posición, sen saber se algúns deles persoalmente sufriu esa situación, parécelle moi grave. Ese é o motivo polo que non queren facer conflito político deste tema, porque este é un tema que lles preocupa a todos, preocupa á oposición, pero a eles tamén lles preocupa.

Parécelle grave que a Sra. concelleira teña dito que eles non fan nada no ámbito educativo, cando todos os concelleiros estaban invitados a un acto onte, onde a concelleira, compañeira súa, e todos os traballadores de Servizos Sociais, fixeron unha campaña precisamente para incidir, dentro dos colexios, dentro dos institutos, na concienciación na loita contra a violencia contra a muller. Ese acto fíxose onte, cun enorme éxito no Graxal, que estaba a tope.

Que ela lles diga que non fan nada nese ámbito, cando se acaba de facer onte un acto precisamente nese sentido, é intentar enganar aos veciños, ou que diga que este Goberno, que o Concello, que a institución, que Cambre, non fai nada na loita contra a violencia machista, cando acaban de presentar unha medida pioneira en toda España

que é subvencionar a contratación ás mulleres vítimas da violencia de xénero, que teñen nesa situación a varias en Cambre, para que se poidan independizar e valerse por si mesmas, elas soas, que non sexan economicamente dependentes das súas parellas maltratadoras. Acaban de propoñer unha medida que é totalmente pioneira en España, que non a hai en ningún outro sitio, e que incide precisamente no problema.

E vaille dicir máis, para que se dea conta do erro, e se ela lle atendera sería estupendo. Para que se dea conta de onde saíu esa idea. El onte, día 25 de novembro, ás 08:00 da mañá, estaba na Policía, atendendo a unha persoa que tiña sido vítima de malos tratos. Ás 08:00 da mañá, tendo unha conversa con esa persoa que foi vítima, coa Policía, que son os especializados, e foron os que lle suxeriron a idea. Onte non, pide perdón, o martes, que foi o 25. Pregunta se saben canto tardaron en poñer en marcha esa medida despois de que llela reclamaran os profesionais, tardaron un día, foi o martes, e o mércores presentaron a proposta.

Que ela diga que o Goberno non está facendo nada en materia de loita contra a violencia machista é pouco menos que intentar enganar aos veciños, por non dicir outra cousa. Iso é o que pasa. Precisamente eles que non queren facer política utilizan calquera cousa, por grave que sexa, para facer política. Ese é o motivo polo que non se aceptaron as propostas, e agarda que o entenda, porque estállelo dicindo sen acritude, con total sinceridade.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais manifesta que vendo as cousas que o Sr. voceiro puxo enriba da mesa, si que lle parece lamentable algunha das cousas que el dixo, non ela.

En primeiro lugar, sobre o prazo que lles dá para presentar ou non propostas. A actitude do PP para tratar de consensuar poñendo de prazo o día seguinte, xa lles parece indignante, iso para empezar, xa demostra a vontade que ten o PP de chegar a acordos co resto das forzas políticas.

Sobre se as propostas veñen consensuadas ou non, ela non vai entrar, non ten ningún tipo de efecto sobre o que están tratando. É algo que o Sr. voceiro quere poñer enriba da mesa para enlear o debate, pero non vai entrar niso.

En canto ás propostas destrutivas, gustaríalle que lle detallase exactamente cales das propostas que se fixeron neste texto lle parecen destrutivas, exactamente cales. Pregúntalle se a proposta de que se promova un pacto político e social para abordar a violencia de xénero. Iso non. Que se suprima a subvención aos centros de ensino que segregan por sexos. Iso si, parécelle unha medida destrutiva, o di para que os cidadáns teñan conciencia de a que se están referindo e que non se queden simplemente coa cualificación esaxerada que el fai.

O que para o Sr. voceiro é unha proposta destrutiva, para eles é un principio, e cre que ten explicado na súa intervención o por que. Porque a segregación por sexos baséase fundamentalmente na consideración de que as mulleres producen efectos turbadores sobre os adolescentes. Iso parécelles profundamente machista, e cren que o machismo está na orixe deste problema.

Respecto de se fan política. Dille que non, que o que están é levantando o velo da hipocrísia do Partido Popular. Consideran que ao longo destes tres anos pouco ou nada ten feito o PP, e que conste que na súa intervención en ningún momento se ten referido ao Concello de Cambre, o voceiro popular si o ten utilizado, para poñer enriba da mesa unha medida que se lle ocorreu onte, e que ten exposto nos medios de comunicación, logo falarán de quen fai política ou quen non fai política sobre determinados temas, pero en calquera caso, dicía que o que están é sinalando a hipocrísia do PP, por suposto que si, e para iso están aquí como oposición, ou pregúntalle se lles vai recriminar que un partido político actúe facendo política. Parécelle lamentable.

Sobre se ela coñece ou non se no Goberno municipal hai persoas que sufriron esta situación, dille que ese non é o seu cometido. Ela está cualificando a actividade política do Partido Popular, dos gobernos do PP, a moción non fala en ningún momento do Concello de Cambre, a del non fala en ningún momento do Concello de Cambre, polo tanto, ela está centrándose nos puntos que el puxo enriba da mesa, que son a política en materia de violencia de xénero dos gobernos que teñen as competencias para iso, é dicir, o Goberno central e o Goberno autonómico. O concello ten mínimas competencias en materia de violencia de xénero. Non vai entrar en quen sufriu esta cuestión, lamenta quen o teña sufrido, e non vai entrar tampouco en valorar nada máis.

Sobre a campaña de concienciación non pode opinar, tiveron coñecemento, como sempre, polos medios de comunicación. Sobre esa campaña de concienciación, a que se fixo o outro día, pero ela non ten recibido, pide que o revisen, ela non ten recibido ningunha citación, a ela non lle ten chegado, a ela persoalmente non lle chegou ningunha invitación a ningún acto de presentación de ningunha campaña nun centro educativo. Eloxía a campaña, pero tamén pon enriba da mesa que estas medidas son insuficientes, e xa explicou o por que.

Respecto do Concello de Cambre, volve reiterar que ela en ningún momento ten criticado nin falado do labor do Concello de Cambre sobre esta materia.

Sobre a medida que se ten anunciado hoxe nos medios de comunicación, ten que dicir que a coñecen por eses medios de comunicación, o resto dos grupos non teñen información ningunha. Pide que non lle digan que levan meses preparándoo, porque acaba de dicir o Sr. Andreu que onte mesmo o decidiu, xurdiu, como sexa, a inspiración, e decidiu aprobar esta medida, ou anunciala, porque non saben se a teñen aprobado. Non ten ningún tipo, nin ela nin o resto dos grupos, está segura, ningún tipo de información sobre esa medida que teñen anunciado nos medios de comunicación, ningún tipo de coñecemento. Polo tanto, cando a presenten aquí, ou publiquen as bases para que os grupos poidan valorala, dilles que non lles caiba dúbida que a valorarán, en sentido positivo se o merece, ou en sentido negativo, facendo as achegas que sexa. Pero o feito de non apoiar esta moción ou absterse non implica nada en relación con ese proxecto que teñen anunciado hoxe nos medios de comunicación.

Por último, respecto de onde estaba o Sr. Andreu onte, a ela non lle queda claro se estaba en calidade de concelleiro ou no exercicio da súa profesión. En calquera caso,

se foi no exercicio da súa profesión, se foi nesa circunstancia, parécelle lamentable que mesture os dous aspectos para botarlllo en cara a outro compañeiro da Corporación, a súa vida profesional e a súa vida persoal. Porque el tampouco sabe onde estaba ela onte, nin onde estaban os demais, polo tanto é absurdo entrar en este tipo de debates, é absurdo. O mesmo se lle pode dicir a el, mesturar a súa vida profesional coa súa vida pública, parécelle tamén lamentable. Nada máis.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que el é Felipe Andreu dende que se levanta ata que se deita, Felipe Andreu Barallobre, ese é el, e como consegue as cousas, pois se pode ser en proveito dos veciños de Cambre, está moi orgulloso de ter coñecementos que se poidan aplicar en beneficio dos veciños de Cambre, sobre todo en beneficio dese puñado de persoas que están nesa situación e que se van poder beneficiar.

Se el fai estas manifestacións é porque ela na súa primeira intervención, e se quere despois revisará a acta, utilizou en todo momento a segunda persoa do plural. Ela falaba de “vostedes”, “vostedes”, “vostedes”, por iso el se sente identificado, claro, por suposto que se sente identificado, porque ela está dicindo “vostedes”, “vostedes” e “vostedes”. Ela diralle que vén aquí a facer política, si, pero ao mellor é que os principios del, ou os principios deles, ou os principios do seu grupo, e fala como grupo de goberno, non só como PP, senón como grupo de goberno, é que non vale calquera cousa para facer política. E iso sinceramente o defenderán, non se pode facer política con todo, con absolutamente todo, porque hai cousas que os veciños non entenden que se pelexen por elas, e el cre que esta é unha delas, de verdade o di.

O Sr. alcalde manifesta que van votar a moción.

Dona Margarita Iglesias Pais manifesta que ela non ten presentado ningunha emenda, isto estaría ben, o formato que están adoptando, se a tiveran presentado e ela tivera que defendela.

O Sr. alcalde pídelo orde á Sra. concelleira.

Dona Margarita Iglesias Pais indica que é unha cuestión de orde.

O Sr. alcalde dille que a quenda de palabra a dá el, e tamén el a quita.

A concelleira socialista reitera que é unha cuestión de orde.

O Sr. alcalde dille que ten ela razón en que non interviron os demais grupos, vailles dar a palabra. Non hai ningunha cuestión de orde.

Dona Margarita Iglesias Pais indícalle que está aplicando incorrectamente o Regulamento, é unha moción, ela non ten presentado ningunha emenda.

O Sr. alcalde dille que interveu na réplica e na contrarréplica.

Dona Margarita Iglesias Pais dille que si, pero que eles estanlle dando un tratamento como se ela tivera presentado unha emenda en nome de todos, e non foi así.

O Sr. alcalde reitéralle que ela xa interveu na réplica e contrarréplica e agora van intervir os demais, xa llo está dicindo, tenllo dito dende o principio, pero ela non o escoita. Agora interveñen os demais grupos.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que dende o seu grupo queren dicir que con eles si que falaron, si que falou Margarita, e consensuou as propostas que se fixeron para enriquecer esta moción. Dende logo non poden votar en contra desta moción, pero tampouco poden votar a favor, porque realmente cren que simplemente é un xesto, non é un principio de cambio real de actitude do PP. Polo tanto, non vai afondar máis no que aquí se dixo e vanse abster.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que con eles tamén se consensuaron estes puntos, de feito no texto non aparece a palabra PSOE nin PSdeG por ningún lado. Non sabe se na copia que lle chegou ao concelleiro aparecerá, pero ela estivo revisando a súa por se entendera por algún motivo que explicitamente se mencionara ao grupo municipal dos socialistas de Cambre, e non, pon propostas de modificación, simplemente. Di que con eles tamén está consensuado e están absolutamente de acordo, como non pode ser doutra forma, con esas propostas de modificación.

Non sabe nin como definila, pero respecto desa intervención do voceiro do PP, nun tema tan absolutamente delicado, que diga que se fai política con este tema, traendo este discurso ao Braveheart, que lle falta pintar a cara de azul, e dillo de verdade cunha mágoa moi grande, porque o trae moi preparado, e a Sra. concelleira que está ao lado asente coa cabeza, ten motivos para asentir, teñen que estar moi contentos con esa interpretación maxistral que acaban de facer. Esa moción lida por eles, e no mesmo sentido que dicía Margarita, na súa boca é unha andrómene.

Tamén eles, no mesmo sentido que os compañeiros dos outros grupos, vanse abster, porque non queren participar no seu circo e nesa interpretación lamentable.

Os puntos que presentan na moción e que aluden como propostas moi beneficiosas para os veciños e para as mulleres que lamentablemente sofren esa situación, e cre que todos eles directa ou indirectamente lamentablemente coñecen casos moi, moi duros, falan de esixir que a administración estea dotada cos medios necesarios. Dilles que que pouca vergenza, esixir que a administración estea dotada con medios necesarios, e preguntalles se lazos, chapas, ou medios.

Falando de esixir ás administracións aínda que na actualidade os recursos sexan escasos. Dilles que coidado con iso, que os recursos son escasos porque dende o ano 2011 o recorte de fondos do PP para loitar contra a violencia machista é dun 22% menos, por iso son escasos os recursos, porque os recorta o PP. Nesta lexislatura un total do 33% é o recorte que en orzamentos en materia de igualdade aplica o PP, así que lles pide que non falen nin de medios necesarios, nin de poucos recursos. Pregunta quen lles recorta os recursos, por favor.

Falan na moción tamén, e niso coincide en que tamén é gracioso, sobre a comunidade educativa. Á parte dos recursos do ministro estrela, que será o seguinte, agarda, na

rolda de dimisións, o Sr. Wert, á parte dos recortes en educación, que inciden ademais directamente na educación dos nenos e mozos, elimina a igualdade, directamente se carga a disciplina de educación para a cidadanía, que era a que ensina aos nenos os valores sociais, e é unha disciplina aprobada por organismos mundiais.

Dilles que esta comedia que fan en todos os concellos nos que gobernan, traendo esta moción, é, nin máis nin menos, unha comedia. Non cren nas palabras que pronuncian, non cren nelas, eles son os que fan política.

A catadura moral, e insiste, porque isto tenllo recriminado en moitas ocasións con ese tipo de temas, que son tan sumamente sensibles e tan sumamente serios, a súa catadura moral é moi baixa. Non se pode traer isto e ao mesmo tempo recortar en servizos públicos, expulsar ás mulleres do mercado laboral, eliminar servizos sociais, recortar en políticas de igualdade, en políticas de prevención de violencia de xénero, aprobar retrógradas leis educativas que promoven a segregación por sexos. Dilles que iso é violencia, e non educan en igualdade.

Os concelleiros do Goberno seguramente con isto, coa lectura deste texto e con esa cara apesurada que agora amosan ante as súas palabras e as que lle precederon, seguramente lavan as súas conciencias, coa lectura desta moción. No acto ese poñen un laciño, e a chapa, e entón xa están concienciados na violencia de xénero.

Dilles que o traballo é outro, que as cousas fanse doutra forma. Con eles, con EU, nin agora nin nunca, nin haxa eleccións, nin non as haxa, dilles que non conten con eles para este tipo de demagoxias. Fan política e fan política destes temas, por suposto que si, porque quen está ensombrecendo o nome da política é o Partido Popular, porque non hai nada de malo en facer política, porque a política serve precisamente para loitar contra este tipo de desigualdades, non para encher votos nin para encher urnas.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que ela, en primeiro lugar, quere dicir que a súa intervención vai ser falando da moción que trae o PP, non de temas persoais nin nada diso, non quere ferir a ninguén, e ela fala desta moción.

Dicir para aclarar as cousas, que efectivamente o BNG sumouse ás propostas que lles presentou o PSOE, que lles presentou Margarita, para que non quede ningún equívoco.

En canto á súa moción, a ela parécelle a carta dos Reis Magos vindo do PP, e parécelle a carta dos Reis Magos, tamén é certo que é normal nestas datas, porque os nenos escriben a carta e pónenlle que van ser obedientes, que van estudar moito, baleiro, baleiro completamente de contidos, baleiro de compromisos, simplemente os seus desexos, dende a súa inocencia. Pois o PP trae esta moción que é igual de baleira, e non só iso, preséntaa o día 21, o venres pasado, e dous días máis tarde hai unha manifestación en Madrid contra a actual lei do aborto, e alí están parlamentarios e senadores do PP. Ela sentiu unha labazada nese momento, cando escoitou as declaracións da Sra. Esperanza Aguirre, da Sra. Ana Botella, que non cre que ninguén poida dicir que non son do PP, e estaban alí, estaban ademais representando ao seu



partido, elas e ata 17 cargos máis leu por aí na prensa, dicindo que as mulleres non poden decidir sobre o seu corpo. Iso tamén é violencia, é violencia machista. A ela iso da violencia de xénero non lle gusta, ese termo, non lle gusta porque o xénero pode ser masculino, feminino e neutro, e a violencia ten sempre xénero masculino, sempre que falan de violencia falan de violencia machista, de machismo. Non sabe por que ao PP lle custa pronunciar esa palabra.

Tamén lle chama a atención nesta moción que se fala de que se avanzou grazas ao esforzo realizado por organizacións de mulleres. Dille que non ao Sr. Felipe Andreu, que non son organizacións de mulleres, son organizacións feministas. As organizacións de mulleres son as Fillas de Cristo Rey, as Clarisas, as Franciscanas, pero estas son feministas.

Conclúe dicindo que eles vanse abster, que ao mellor algún día, se o PP cambia de políticas, trae mocións con medidas reais e con partidas económicas nos orzamentos, ao mellor ese día poden votar a favor. Mentres isto se quede nunha carta aos Reis Magos, vanse abster.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC, manifesta que por alusións, e despois de escoitar falar aos voceiros, á voceira accidental do Partido Socialista, dicindo que se tiñan feito estas propostas aos demais grupos, el ten que dicir que a el, dende logo, non se lle teñen pasado esas propostas, polo tanto el non é dende logo nin partícipe nin cómplice desas propostas que ademais, unha vez escoitadas, dende logo non comparte. Non cre que sexa violencia segregar a educación por sexos, el cre que os pais poden elixir a educación dos seus fillos, se queren levalos a un colexio ou a outro. Faltaría máis que lle dixera a el o PSOE, EU, o PP ou calquera partido, como ten el que educar aos seus fillos ou ás súas fillas, faltaría máis.

El tamén cre que non hai maior violencia que acabar cunha vida. El cre que a manifestación que houbo o domingo en Madrid era unha manifestación en prol da vida, precisamente para acabar coa violencia e en defensa da vida. Polo tanto, el está de acordo coa moción do PP e o seu voto vai ser favorable.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por nove votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata.

Así pois, a Corporación, por dezanove votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Antes de dar lectura á moción presentada, don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que, se lle permiten brevemente, non pretende, dende logo, avivar a polémica, pero si que quere aproveitar para declarar publicamente a súa solidariedade co compañeiro Daniel Carballada e co seu compañeiro David Neira, polo proceso que están vivindo, propio de tempos pretéritos xa superados. A continuación, dá lectura á moción presentada.

### **B) Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE contra a pobreza enerxética**

Rexistrada de entrada ao núm. 0/9774 o día 22 de novembro de 2014. Consta do seguinte teor literal:

“A pobreza enerxética é unha consecuencia máis da grave crise social e económica que estamos a padecer. Defínese como aquela situación que sofren os fogares cuxos membros son incapaces de pagar unha cantidade de servizos da enerxía suficientes para a satisfacción das súas necesidades domésticas e/ou veñen obrigados a destinar unha parte excesiva dos seus ingresos ao pago da factura enerxética das súas vivendas.

Segundo diferentes estudos socioeconómicos son xa máis de 300.000 persoas en Galicia as que teñen graves dificultades para facer fronte ao recibo da luz ao final de mes, debendo dar prioridade ou elixir entre que cuestións básicas de subsistencia, moi unidas ao desenvolvemento dunha vida digna, poden permitirse e cales non.

A este dato hai que engadir o que facilita o INE e o IGE nas enquisas de condicións de vida que sinalan que en torno aos 100.000 fogares en Galicia non poden manter a súa casa a unha temperatura adecuada, cos prexuízos que iso comporta, especialmente para as persoas con factores de risco máis alto, como nenos, anciáns ou enfermos.

Fronte a este grave problema existen diferentes posicionamentos: mirar a outro lado, expor unha solución de conxuntura, ou adoptar, como propoñemos, medidas estruturais que remedien situacións dramáticas que poden ser evitadas con solidariedade e tamén coa lexislación. Lamentablemente, a dereita, como noutros moitos temas, está na conxuntura.

Así mentres a Unión Europea ten instado aos diversos Estados membros a adoptar medidas para protexer aos consumidores máis vulnerables e a loitar contra a pobreza enerxética, en Galicia tense actuado tarde, pouco e mal.

As normas europeas foron elaboradas cun dobre obxectivo: primeiro, garantir unha subministración de gas e electricidade imprescindible para garantir unha vida digna asociada á vivenda habitual, a un custo alcanzable para o consumidor vulnerable; e segundo, prohibir a desconexión en períodos críticos.

Mentres distintos países teñen aprobado normas que protexen aos consumidores máis vulnerables, prohibindo durante o inverno interromper a subministración que lles poida

deixar sen calefacción, a lexislación española limitouse a desenvolvementos absolutamente insuficientes.

Creemos imprescindible ser sensibles á situación que moitos dos nosos veciños e veciñas padecen, e por tanto, estimamos a oportunidade de que a Xunta de Galicia utilice todos os resortes que ten ao seu alcance, e ademais instemos ao Goberno de España a aprobar unha lei para solucionar os problemas máis urxentes e prexudiciais de pobreza enerxética, e que marque a orientación prioritaria das administracións á hora de afrontar as principais causas polas que esa pobreza enerxética se produce.

Estimamos preciso que se considere e se lexisle para que a subministración de enerxía sexa un dereito social básico, que os consumidores vulnerables accedan a unha tarifa social en función dos seus ingresos e non do mercado, e o máis importante, que non haxa cortes de subministración no inverno para aquelas persoas que se atopen en situación de pobreza enerxética, financiando a diferenza entre a tarifa social e o consumo real a través dos orzamentos xerais do Estado.

Entendemos que é preciso abordar a pobreza enerxética dentro dun contexto de ampliación de medidas estruturais, como son a mellora da eficiencia enerxética das vivendas, vinculadas ás familias con máis dificultades, así como o apoio público á rehabilitación das vivendas que ocupan, coa finalidade de conseguir unha maior optimización dos recursos enerxéticos.

Ante todo cremos que o Goberno Galego debe recoñecer que se trata dunha medida de política social, co propósito de garantir os principios de progresividade, solidariedade e cohesión respecto dos consumidores máis vulnerables, e por iso entendemos que o custo desta iniciativa débese sufragar polo conxunto do sistema.

Por todo o anterior o grupo municipal dos socialistas de Cambre presenta para a súa votación en pleno as seguintes propostas de acordo:

Primeiro: Instar á Xunta de Galicia a que habilite unha liña de axudas sobre un servizo mínimo de subministración de enerxía (electricidade e gas), que garanta que ningún fogar poida ser privado dun mínimo de cobertura enerxética de subsistencia entre o 1 de novembro e o 31 de marzo de cada ano, que permita garantir a subministración enerxética ás familias que estean en situación de pobreza enerxética.

Esta liña de axudas desenvolverase no ámbito das políticas de benestar social, máis alá da colaboración coa Consellería de Economía e Industria, e arbitraranse medidas que faciliten a súa solicitude a aquelas familias afectadas por este problema.

Segundo: Demandar ao Goberno de España a que, de forma inmediata, presente no Congreso dos Deputados, para o seu debate e aprobación, un proxecto de lei de protección dos consumidores vulnerables e contra a pobreza enerxética.”

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que vaia por diante que eles van votar a prol da moción, simplemente queren facer unhas pequenas matizacións, dicir que cando piden á Xunta e piden ao Goberno,

págan todos tamén. Está ben e van votar a prol, pero hai que ter en conta que o pagan todos os cidadáns.

El cre respecto do tema das datas, do 1 de novembro ao 30 de marzo, que hai que garantir o mínimo sen datas, directamente. Hai que garantir o mínimo, non ten por que ser no inverno, no verán tamén se necesita enerxía. Cre que é unha puntualización que hai que ter en conta.

Logo, non sabe se o PSOE tamén ten esta iniciativa no seu grupo parlamentario, para levala ao Congreso, se non é así, ánimoos a que á súa vez eles, dende o Concello de Cambre, animen tamén ao seu grupo no Congreso a que faga este tipo de demandas, e que ademais impliquen ás empresas de enerxía nese sistema, que paguen ou sufraguen parte deses gastos, como non podía ser doutra forma. Para iso tamén volven ao tan famoso portas xiratorias, pide por favor que tamén as eliminen, para poder chegar a eses acordos.

Conclúe dicindo que o seu voto vai ser, de todas maneiras, a prol da moción.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo está totalmente a prol do contido da moción. Si queren facer unha pequena matización, no senso de achegar algo, se o grupo propoñente, o Partido Socialista, non ten inconveniente en engadilo á súa moción. Aínda que dalgunha maneira se recolle na exposición de motivos, parécelles que hai un tema que debe ser importante, e se estiman recollelo, poden engadir un punto onde se plasme que o Concello de Cambre instara ás empresas subministradoras de luz e gas, a non realizar cortes de subministración por impago a familias en situacións de dificultade económica, sen dispoñer previamente dun informe dos servizos sociais do concello.

A eles parécelles importante que unha compañía, polo mero feito de que unha familia carente de recursos, pola situación que sexa, non pague o seu recibo, que vaian e lle corten a luz. El cre que debería haber previamente un informe dos servizos sociais analizando a situación desa familia, non é chegar con alicates, cortarlle a luz, e que a xente quede sen enerxía.

Conclúe dicindo que de todos os xeitos eles van votar, se inclúa iso ou non, a prol da moción.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, agradece se lle permiten, de forma telegráfica, a solidariedade demostrada polo compañeiro Jesús Bao, e agradece tamén publicamente as mostras de solidariedade demostradas nos últimos días, de maneira persoal, polo voceiro do grupo socialista, o compañeiro Augusto, polo voceiro de UxC, o compañeiro Óscar, e tamén polo compañeiro Baamonde, que aínda que o presume nas antípodas ideolóxicas da súa persoa, ás veces o cortes non quita o valente, e é cre que ese xesto é algo que lle honra.

E, sen máis, di que a súa valoración sobre esta moción é total e absolutamente positiva. Van votar favorablemente, pero si querían deixar dúas cuestións enriba da mesa. Unha, a reflexión que fan como BNG, como unha forza que se considera

instalada na esquerda real, en certa maneira a esta situación e a esta casuística chégase pola desregularización, pola privatización total e absolutamente masiva, vítima dunhas políticas neoliberais absolutamente plenipotenciarias, nun sector estratéxico como é o da electricidade, iso que chaman agora o mercado eléctrico, e lembrar que no Estado español houbo unha importante presenza de empresas públicas no sector eléctrico, como foi o caso de Endesa, que foi precisamente privatizada nun goberno de Felipe González, e que axudaría moito a día de hoxe, non xa na nacionalización total do sector eléctrico, que é o que o BNG defende, pero si cando menos unha presenza importante do público nun sector tan estratéxico, tan básico e tan elemental para o benestar da cidadanía.

E a maiores diso queren tamén deixar constancia, un pouco como engadido, porque entenden que é algo que tamén afecta a Cambre, a moitos niveis, tanto a nivel de veciños, sobre todo nas zonas rurais, como a nivel de profesionais implicados no tema, ese anunciado preproxecto de lei do PP sobre os particulares que xeran enerxía eléctrica a través dos paneis solares, e que os penaliza tributariamente. Di que iso é algo que vai en contra da historia, en contra dos tempos, non se pode de ningunha maneira consumir. El sabe polo menos de dous casos, de dúas familias que en Cambre, vivindo no rural, non terían incluso problema, chegado o momento, quizais con axudas, para acceder a instalar enerxía solar nas súas casas, que solucionara en parte os seus problemas, as súas penurias mensuais, para facer fronte á factura eléctrica. El cre que é por onde deben tirar, e que medidas como esas os poñen total e absolutamente á cola de Europa.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas manifesta que, brevemente, quere agradecer o compromiso e a sensibilidade que amosaron os voceiros dos diferentes grupos á hora de apoiar a moción socialista.

En relación coas alusións de UxC di que teñen acoutado efectivamente na moción esas datas, basicamente vinculadas ao tema de calefacción, pero tamén entende que evidentemente a pobreza non entende de datas.

Respecto do que lles propoñían os compañeiros de EU, de incluír un punto terceiro, di que si, que roga que se recolla literalmente o que figura na acta, a redacción que propuxo o voceiro de EU.

Quere dicir que basicamente o obxectivo último, como entenden todos, o espírito desta moción, o que busca precisamente é impedir que as empresas subministradoras, en conivencia cos gobernos, neste caso do PP, impoñan por desgraza o que é a miseria enerxética, miseria de quen dende a calidez e comodidade dun despacho se permite cortar a subministración de enerxía a unha familia que non é que non queira pagar, e que por desgraza non pode facelo.

Sometido o asunto a votación ordinaria, coa inclusión dun apartado terceiro na parte dispositiva, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG, e abstéñense os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD).

A Corporación, por once votos a prol, aprobou a moción coa seguinte parte dispositiva:

Primeiro: Instar á Xunta de Galicia a que habilite unha liña de axudas sobre un servizo mínimo de subministración de enerxía (electricidade e gas), que garanta que ningún fogar poida ser privado dun mínimo de cobertura enerxética de subsistencia entre o 1 de novembro e o 31 de marzo de cada ano, que permita garantir a subministración enerxética ás familias que estean en situación de pobreza enerxética.

Esta liña de axudas desenvolverase no ámbito das políticas de benestar social, máis alá da colaboración coa Consellería de Economía e Industria, e arbitraranse medidas que faciliten a súa solicitude a aquelas familias afectadas por este problema.

Segundo: Demandar ao Goberno de España a que, de forma inmediata, presente no Congreso dos Deputados, para o seu debate e aprobación, un proxecto de lei de protección dos consumidores vulnerables e contra a pobreza enerxética.

Terceiro: Instar ás empresas subministradoras de luz e gas a non realizar cortes de subministración por impago a familias en situacións de dificultade económica sen dispoñer previamente dun informe dos Servizos Sociais do concello.

A continuación, o Sr. alcalde manifesta que teñen unha moción de EU que foi presentada fóra de prazo, polo tanto, recoméndalles que a presenten para o vindeiro pleno, porque ademais non é moción, senón un rogo.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o Sr. alcalde fai mención a unha moción que presentou o grupo de EU fóra de prazo. Evidentemente o seu grupo non vén aquí a intentar que as súas iniciativas teñan preferencia, nin moito menos. É a primeira vez que o grupo de EU, durante tres anos, presenta polos motivos que sexa fóra de prazo as iniciativas, neste caso moción, e os rogos das comisións informativas. O que non entende é que o Sr. alcalde lle diga que non se vai tratar a moción. Pregunta se a moción non se pode presentar media hora antes do pleno, unha moción de urxencia. Di que haberá que votar a urxencia e haberá que tratar a moción. Iso é o que entende el, non sabe se discrepan neste tema.

Por outra parte, o Sr. alcalde fai alusión ao Regulamento, e el o que non vai consentir máis a partir de agora, e o di aquí publicamente, é que a el se lle chame a casa por teléfono e se lle diga que dixeron que a moción e os rogos das comisións estaban fóra de prazo e non se poden tratar. Pregunta quen decidiu que non se poden tratar, onde di no regulamento que non se poidan tratar e ler os rogos, el quere saber onde se di. E a moción, cre que presentándoa un día antes, vótase a urxencia e trátase. Pero os rogos en ningún sitio se di que non se poidan tratar. Volve preguntar onde aparece iso no regulamento, que non se poidan ler os rogos.

Por outra parte, e como están falando de incumprimentos, incumprimento tamén é o que fai o equipo de goberno, que incumpre tamén o Regulamento orgánico municipal. O grupo de EU presentou o día 30 de setembro un escrito solicitando documentación, e non teñen contestación ningunha. Volveron reiteralo 15 días despois, e seguen agardando. Dille ao Sr. alcalde que eles tampouco cumpren co regulamento, pero non é que non cumpran só niso, senón noutras cousas que están plasmadas no propio

regulamento. Estalle falando da información que ten que presentar o Goberno e o Sr. alcalde, a información como representante en órganos supramunicipais, que non está presentando ningunha. Ou pregunta se están dando conta do que pasa nos consellos escolares, do que pasa no Consorcio As Mariñas. Pregúntalle se lles dá algunha información puntual, como está recollido no Regulamento orgánico municipal. A resposta é non, non dá información.

O Goberno incumpre o regulamento, e o reiteraron multitude de veces aquí, co tema da publicación das declaracións de bens da Corporación. Está no regulamento e o equipo de goberno si que incumpre, pero claro, EU presentou o outro día, o luns, unha moción e uns rogos ás comisións fóra de prazo, e xa lle chaman por teléfono a casa, case reprochándollo, e dicindo que non se van ler no pleno. Ademais, hoxe tivo coñecemento do que a moción non a teñen os demais grupos. Pregunta se non se podía pasar a moción aos demais grupos, nin os rogos das comisións. Pregunta se non se podían pasar, ou se había algún problema para pasalos, para que tiveran coñecemento polo menos para o vindeiro pleno. Pregunta se había algún problema. Parécelle case un pouco discriminatorio.

Reitera que quixera que lle explicaran por que non se pode votar a moción neste pleno.

O Sr. alcalde manifesta que lle admite ao Sr. Taibo todas as críticas que lle queira facer, se o chamaron por teléfono e lle sentou mal a chamada, pídelle desculpas en nome da persoa que o chamou.

En canto ao regulamento, EU presenta unha moción fóra de prazo. O regulamento é un regulamento que, ademais, modificou toda a oposición, en contra da vontade do partido gobernante, neste caso. Pero ben, se non se queren ater, primeiro el vaille dicir unha cousa, isto non é unha moción, é un rogo. Se o Sr. Taibo o presenta como un rogo, el non ten ningún problema en tratalo. Non é sequera competencia do pleno, pero ben, se o Sr. Taibo o presenta como un rogo, el trátalo como un rogo, agora, se é como moción, el dille que está fóra de prazo.

Se o Sr. Taibo quere presentala como urxente, el dille que isto é un rogo, senón, dille que llo diga a Sra. secretaria, que é a que ten máis luces xurídicas para dicirlo.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que, claro, que as cousas hai que explicalas. O Sr. alcalde dille que non é competencia do pleno, e el pregúntalle se o pleno non ten competencia para planificar a seguridade viaria do concello, parte dela. Pregunta se non ten competencia para iso o concello. El pensa que si.

Pregunta se o concello non ten competencia para trasladar a moción ás Anpas dos centros públicos de Cambre. Pregunta se non ten competencia para iso, e entón de que ten competencias o concello. Pregunta se o concello non ten competencia para levar a cabo os tres puntos que contempla a moción, a toma de acordos.

Por outra parte, o Regulamento está aprobado, o Goberno votou en contra, pero o regulamento é o que rexe neste concello e está aprobado. Porque desa sintonía están

xa cansados, porque é constante. O regulamento é o regulamento que rexe neste concello. Agora que lle expliquen a el, que lle explique a Sra. secretaria, pero en calquera caso, aínda que sexa un rogo ten dereito a lelo, porque se presenta como moción e o que pasa é que non se toman acordos. Iso xa foi debatido cantidade de veces, entón agora agarda que a secretaria lle diga se o Concello de Cambre non ten competencias para tratar os temas que están contemplados na adopción de acordos.

O Sr. alcalde concede a palabra á Sra. secretaria da Corporación, quen explica que a verdade é que o que vén presentado como moción, en realidade ten razón o Sr. alcalde en que non é unha moción. Non se trata dunha competencia que estea atribuída no artigo 22 da Lei 7/1985, artigo que se transcribiu literalmente, se o lembran, cando o 4 de abril do 2013 se modificou o artigo 63 do ROM, onde se establecen literalmente as competencias que ten o pleno. Di que incluso lembra que se debateu este tema bastante, e que nos informes chegouse a iso, a que o pleno tiña unhas competencias que eran taxadas e que estaban ante uns gobernos presidencialistas dende que se modificou a Lei 7/1985. Iso xa o comentaron e non hai que comentalo máis.

É certo que, efectivamente, ao non ser competencia do pleno, porque nin se trata de control e fiscalización dos órganos de goberno, nin acordos relativos á participación, o que di o artigo 22 da Lei 7/1985, si é certo que sería un rogo.

En canto a unha moción declarativa, que é a que se define no artigo 125, pois non, porque está claro o concepto de moción declarativa, é unha proposta presentada por un ou varios grupos políticos, ou por un concelleiro, no seu caso, para que o pleno formule unha declaración, non propostas de actuacións.

Neste caso están propoñendo ao órgano competente, que sería o Sr. alcalde ou a concelleira de Educación, porque é un tema de educación, están formulándolles unhas propostas de actuación, pois ben, esas propostas de actuación son rogos, así que isto pódese tranquilamente tratar como un rogo.

En canto aos rogos explica que o que pasa con eles é que se debaten e non se votan. Acéptanse ou rexéitanse, débátese, sería igual que a moción, coa única diferenza de que non se vota. Pero isto, en concreto, dende logo é unha proposta de actuación ao órgano que lle corresponde, que como dixo sería o alcalde ou o concelleiro delegado, no seu caso, para levar a cabo esas rutas ou deseñar esas rutas escolares. Sería ou ben competencia do alcalde que ten o tema da Policía local dentro da súa área, ou ben de transportes, que será o que teña que dicir onde hai máis problemática, ou da concelleira de Educación, pero non é unha competencia do pleno. Sería unha proposta de actuación a un órgano concreto, co cal non estarían nin dentro das mocións de urxencia que van incluídas na parte resolutiva, no 1.3, nin estarían dentro da parte declarativa, que é o punto 2 dedicado ás mocións dos grupos municipais, e que son soamente declaracións ou manifestacións dun posicionamento político. Isto non é un posicionamento político, en concreto estase dicindo que se faga tal cousa, e que se faga tal cousa é un rogo.



Conclúe dicindo que isto pode presentarse como rogo, a única diferenza é esa, débátese o mesmo, igual que a moción, o que pasa é que non se vota. Esa sería a diferenza.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que de calquera xeito xa dicía antes que podía tratalo como un rogo, e despois xa será decisión do Goberno, levar a cabo, ou non, as propostas que se fagan nese rogo. Xa sería unha responsabilidade do alcalde facelas ou non.

O Sr. alcalde dille que están de acordo, que el xa llo dixo dende o principio, que se el llo presenta como un rogo non ten ningún inconveniente en admitilo, e no capítulo de rogos permítelle lelo sen problema ningún.

### **3. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN**

#### **3.1. Informes do equipo de goberno**

De orde do Sr. presidente, a secretaria da Corporación dá conta do seguinte asunto:

- Da Resolución de Alcaldía núm. 2353/2014, do día 7 de novembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Fernando Caride Suárez dende o día 1 ao 5 de decembro de 2014, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

#### **3.2. Rogos**

##### **Rogos do PSdeG-PSOE presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 0/9775 o día 22 de novembro de 2014, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Recentemente o Concello de Cambre ven de subscribir un convenio coa Deputación Provincial, para instalar un novo céspede artificial no campo de fútbol municipal Dani Mallo. Estamos convencidos de que, se tiveran feito traballos de mantemento e conservación, a duración do actualmente instalado tería sido maior e se tería tardado mais anos na súa reposición.

O mesmo ocorre co campo municipal utilizado polo club Once Caballeros, ao que, dende a súa inauguración, non se ten feito, no que ao céspede se refire, mantemento ningún.

Resulta evidente que a ausencia de mantemento do céspede artificial dos campos de fútbol produce unha deterioración que acurta a súa vida útil efectiva.

Por todo o manifestado anteriormente, este grupo:

Solicita se contrate, coa máxima urxencia, o mantemento periódico dos céspedes artificiais dos campos de fútbol de titularidade municipal.

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, manifesta que, dende logo, recollen o rogo, como non podía ser doutra maneira, pero tamén queren facer constar o seu total desacordo coa exposición de motivos que fan neste rogo. Pero ben, como no fondo están de acordo coa solicitude, simplemente lles informa que están traballando nese sentido.

2º O tramo de camiño municipal que transcorre polo lugar do Sixto, dende a entrada á instalación hostaleira O Cenador ata a zona de Quintán, entre os muros do denominado “chalé de Gundín” e do citado local hostaleiro, atópase nun lamentable estado de abandono e sucidade. A carencia dun mantemento e limpeza del ten levado a que os laterais estean ocupados por materia orgánica en descomposición (terra e follas) que xera unha lameira que impide a circulación dos peóns con seguridade.

Esta circunstancia, e a propia estreiteza do vial, ten producido, o día 14 de novembro pasado, unha colisión frontal de dous vehículos. É por isto que se fai necesario proceder a limpar con urxencia a zona destinada, en primeiro lugar, a garantir o correcto funcionamento das conducións de pluviais, neste momento atascadas de terra e follas, e a estudar unha reordenación dos sentidos de circulación dos vehículos nos estreitos camiños da zona.

Por todo o anterior este grupo:

Solicita que, atendendo ás demandas de veciños da zona, se realicen os traballos e estudos anteriormente sinalados.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, explica que efectivamente hai uns días tiveron unhas reclamacións, mandouse á empresa de limpeza viaria de inmediato alí, pero había moito barro e non puideron resolver o tema. Os operarios estaban coa pala e co camión rematando un traballo urxente na parroquia de Anceis, hoxe xa foron para aí, e entre os muros xa limparon, falta un tramo máis para arriba, cara a Quintán. Agarda que mañá acaben.

Reitera que entre os muros si limparon, a estrada no Sixto cara a Quintán, quedan follas cara abaixo, na entrada do Cenador, aí van ir mañá os da limpeza viaria, e queda un tramo tamén pasando os muros cara a Quintán, que a ver se mañá rematan, porque non hai muros pero hai terra bastante enriba da estrada.

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que a maiores comentaban un tema que se produce alí, que é innato naquela zona do Sixto, que é a estreiteza dos camiños e o tema da dobre dirección que agora mesmo existe, crúzanse vehículos que non se poden cruzar. Eles propoñen que se estude facer sentidos únicos, nese tramo en concreto, alí entre as murallas do Cenador e o “chalé de Gundín”, onde é estreito sobre todo, e onde cando se atopan dous vehículos non

poden manobrar xuntos, e xa non falan de cando tamén se atopan circulando peóns. É necesario facer un estudo e, dende logo, rogan que o Goberno municipal tome esta solicitude con interese, porque cren que é importante para a zona.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que o estudo xa está feito, xa se encargou hai uns meses, encargóuselle á Policía que fixeran un estudo para dicirlles como deberían poñer as direccións únicas. Está o estudo feito, xa o teñen abaixo e non hai problema en que o vexan.

3º Como consecuencia dos traballos de construción de sendas peonís, á beira da CP-1704, en Santa María de Vigo véñense producindo retencións de augas pluviais no contorno da capela alí existente. Esta situación prexudica os veciños que pasean ou usan este contorno.

Por todo iso:

Solicitamos se adopten as medidas oportunas para conducir as augas de choiva nesta zona e evitar a súa acumulación no entorno da capela.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, expón que xa falaron para ir, se poden mañá, senón para a semana, a ver o problema, os dous. Para ver o tema e tratar de solucionalo.

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que está de acordo. Descoñece se o concello xa recepcionou esa obra feita por parte da Deputación, ou non, pero entende que ten posibilidades de poder solucionalo antes, ou dentro do que sexa a garantía da obra.

### **Rogos de UxC presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 0/9778 o día 22 de novembro de 2014.

Antes de dar lectura aos rogos presentados, don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta unha petición. Gustaríalles que todo o que entre no concello para tratarse nos plenos, sen prexuízo de que o Sr. alcalde o queira ou non o queira debater, gustaríalles que se lles fixera chegar de todas formas, porque agora van ler un rogo de EU, e eles non saben de que vai ese rogo. Gustaríalles sabelo antes, despois o Sr. alcalde poderá dicir que o lea ou que non o lea, pero loxicamente eles deberían telo. É unha petición que lle fan.

A continuación, o voceiro de UxC, dá lectura ao primeiro rogo presentado polo seu grupo.

1º En pleno de 24/04/2014, hai sete meses, UxC presentou unha moción co título: "Conexión Vía Ártabra-AP9 libre de peaxe", a que se aprobou por unanimidade, adoptando os seguintes acordos:

Primeiro: Solicitar do conselleiro/a que confirme que o proxecto vai licitarse baixo a hipótese de libre peaxe no ámbito de Catro Camiños, e coa previsión de continuidade

da vía Ártabra ata a súa conexión coa A-6. É dicir, tendo en conta o xa formulado no seu momento polo Pleno de Cambre.

Segundo: Trasladar ao Consorcio As Mariñas a proposta de libre peaxe que defende o Concello de Cambre e invitar aos concellos que o integran a que fagan o mesmo.

Terceiro: Solicitar ao alcalde que de forma urxente faga as xestións necesarias diante da consellería e formalice os compromisos que considere oportunos, para que o trazado se leve adiante coa solución de libre peaxe en Catro Camiños, sen que este compromiso varíe o prazo previsto para a licitación.

Cuarto: Dada a urxencia e transcendencia que o asunto ten para Cambre, que se nos informe de forma urxente sobre as xestións realizadas e as respostas recibidas.

Era evidente que a moción pretendía incitar ao grupo de goberno a exercer debidamente o seu labor de gobernar Cambre, indicándolle que era o importante e cal era o camiño. A aprobación por unanimidade, tamén o Partido Popular, non deixaba dúbida do que se acordaba facer e da súa urxencia.

O día 22 de agosto de 2014, adxudicouse o proxecto. O 1 de outubro asinouose o contrato, e polo que sabemos, iniciáronse os traballos sen ter en conta a directriz de libre de peaxe en Catro Camiños, proposta polo concello.

No cuarto punto da moción pedíamos: “que se nos informe de forma urxente sobre as xestións realizadas e as respostas recibidas”.

Ata o día de hoxe ou non se fixo nada, ou non recibiu resposta da Xunta, ou o que é máis preocupante, non cumpriu cos compromisos do Pleno, e non nos informou.

Polo tanto solicitámoslle que nos explique que fixo no aprobado polo Pleno, nos puntos primeiro, segundo e terceiro.

O Sr. alcalde explica que esta foi unha moción aprobada polo Pleno, ademais cre que foi aprobada por unanimidade, el trasladou ao Consorcio das Mariñas os escritos, é máis, levouno ao pleno do Consorcio das Mariñas, ten os escritos comunicándolle ao Consorcio o que pretendía o Concello de Cambre. O Consorcio das Mariñas ten a moción, o escrito do 2 de maio do 2014, o Pleno foi o 24 de abril. O Consorcio das Mariñas, á súa vez, trasladouno á conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, ao Ministerio de Fomento, á Sra. ministra, e tamén se lle trasladou a Audasa (*Autopistas del Atlántico*).

Con independencia dos traslados dos escritos aprobados polo pleno, el foi falar coa conselleira varias veces, pola urxencia que tiña preparar ese proxecto de unión da vía Ártabra coa AP-9, e solicitoulle que a fixera libre de peaxe. Ela díxolle que en breves datas adxudicarían o proxecto, e no proxecto están traballando, o que non lle certificou é que iso puidera conseguir que fora libre de peaxe. El insistíulle e niso están, están coa redacción do proxecto. O que sucederá iso aínda non ten comunicación por parte da consellería, iso é o que se fixo.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, agradece a resposta. De todas formas sinala que no punto catro poñían que se lles informara de forma urxente sobre as xestións realizadas. Cre que o Sr. alcalde tivo oportunidade, incluso na xunta de voceiros, de informar respecto desa moción, que xa fixera iso, non chegar a ter que preguntar eles outra vez que se fai para levar adiante unha moción que foi aprobada por todos. É un pequeno reproche porque cre que o Sr. alcalde tivo oportunidade, na xunta de voceiros, de dicir que xa se tiña trasladado todo iso ás distintas administracións.

Por outro lado, á parte de trasladalo ao Consorcio das Mariñas, o Sr. alcalde cando trataron esa moción díxolles que falaba moito cos alcaldes do Consorcio. A el gustaría que á parte de trasladarlles o tema aos alcaldes do Consorcio, que tamén están interesados en que sexa libre de peaxe, que fixeran unha declaración como fixeron respecto de Betanzos, algo tan importante como que o alcalde de Betanzos si que pide que á volta na autoestrada non se pague. Pola contra, ata agora o Consorcio das Mariñas, si o presidente do Consorcio nunha ocasión, a título de alcalde de Abegondo, pero non como Consorcio, non se posicionou neste tema.

Eles volven pedir ao alcalde de Cambre que o Consorcio se posicione respecto deste tema, publicamente. É unha petición que lle fan hoxe, á parte de cumprir coa moción, que era entregarlle o escrito e a moción. Piden que o Consorcio das Mariñas se posicione publicamente respecto dese punto da vía Ártabra.

O Sr. alcalde manifesta que el cre que xa llo dixo, que el mandou isto ao Consorcio, e díxolle tamén que o propio Consorcio en pleno, os concellos de Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada, faralle chegar as copias, que iso si ten que pedirle desculpas por non facerlle chegar os documentos, pero no pleno do Consorcio das Mariñas celebrado o 3 de outubro, recolleuse a proposta unánime dos nove concellos, a necesidade de liberar as peaxes de Macende e Guísamo na autoestrada AP-9, coa finalidade de mellorar e axilizar as comunicacións entre a cidade da Coruña e os concellos que integran o Consorcio das Mariñas, así como destes entre si.

A densidade de tráfico que soporta a N-VI, tanto os vehículos lixeiros como os vehículos pesados, as continuas retencións que sofren os puntos concretos na N-VI, as obras constantes neses traxectos, e a falta de incentivos ao uso da autoestrada, especialmente para os viaxeiros que a utilizan de xeito diario, fai necesario a adopción de medidas que permitan unha condución máis fluída polo territorio. Por iso solicitaron a mediación da Consellería ante o Ministerio de Fomento e Audasa, para que se promova a eliminación da peaxe da volta nos traxectos diarios, tomando como exemplo a medida adoptada noutras zonas de Galicia, Guísamo-Santa Marta-Macenda, A Coruña-A Barcala-Guísamo-Santa Marta, A Coruña-A Barcala-Macenda.

Di que eses son os escritos que o Consorcio das Mariñas lle dirixe tanto a Audasa, como á consellería, como a ministra de Fomento. Faralle chegar os escritos e a elevación da súa petición ao Consorcio, coa certificación do aprobado no pleno o día 24 de abril.

Conclúe dicindo que recolle o rogo do voceiro de UxC, o que dixo de facer unha declaración pública, logo lerao na acta, porque non o anotou, pero lerao para levar a cabo o que lle propuxo, non ten ningún inconveniente, porque niso cre que están todos de acordo.

Don Óscar Alfonso García Patiño lémbrale que non só a moción se refería á libre peaxe, senón tamén á continuidade da vía Ártabra ata a súa conexión coa A-6. Non era só o tema de que o Consorcio poida estar de acordo no tema de libre de peaxe, senón que tamén debe estar de acordo coa súa continuidade ata a A-6. Iso é o que solicitan ao alcalde que solicite, á súa vez, ao Consorcio As Mariñas.

2º Hai uns meses atrás con motivo da aprobación do céspede artificial para o campo do Cambre, o grupo municipal de UxC, incidiu na necesidade do mantemento dos campos de herba artificial do municipio, polo que lle suxeriu un plan para o mantemento dos campos de fútbol de herba artificial, solicitamos información ao respecto.

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, contesta que efectivamente é un rogo que vai na liña do presentado polo partido socialista. Como este é máis concreto, en canto pregunta directamente sobre se tiveron algunha xestión co Consorcio das Mariñas ou coa Deputación, contéstalle que si, moito antes incluso da concesión por parte da Deputación da subvención para a reposición do campo de fútbol Dani Mallo. Están en conversacións co Consorcio das Mariñas, e cando se resolvan esas negociacións, saberán se o tema vai para adiante, ou non, e terán que asumilo cada concello con os seus recursos propios.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que lles gustaría que os informaran segundo vaian tendo resposta do Consorcio das Mariñas. Eles son conscientes de que o mantemento dun campo de herba é moi difícil telo dende o propio concello, porque é un mantemento carísimo, e por iso propuxeron isto.

De todas formas quere que conste en acta tamén, para que o teña en conta o concelleiro de Deportes, que o céspede que se vai arrancar do campo de Cambre, están a pedilo, polo menos a eles pedíronllo, e eles dixéronlles que se puxeran en contacto co Sr. concelleiro, o Once Caballeros e o Lema, para ver se o poden aproveitar na zona entrando no campo de fútbol do Once Caballeros, debaixo do bar que hai alí, ou non campo onde adestra o Lema, que tamén lles fixeron esa solicitude. Di isto para que o teñan en conta.

O Sr. alcalde expón que iso xa llelo fixeron chegar a eles tamén, e terán en conta iso e outras cousas.

Don Fernando Caride Suárez manifesta que simplemente para completar o que acaba de dicir o Sr. alcalde, efectivamente é algo que teñen en conta, pero que non poderán valorar ata a retirada do tepe, porque sairá nunhas condicións ou noutras, uns pedazos serán utilizables, outros non e, en función diso, verán o uso ou o destino que se lle poida dar, en función da cantidade que reste.

Respecto da valoración que facía de que é un mantemento carísimo, dille que non sabe con que criterio, porque non é un mantemento especialmente caro o dos campos de herba artificial, pero tendo en conta que se nalgún momento pode facerse cargo o Consorcio das Mariñas, sería un aforro dende logo para o Concello de Cambre.

3º A principio da lexislatura o noso compañeiro Antonio Orosa conseguiu, con moito esforzo, a cesión dos terreos necesarios para facer unha pequena beirarrúa na Volta das Carrozas, despois de distintas promesas por parte do Goberno municipal de que se ía facer, solicitamos se teñen previsto realizar esta pequena obra, que non obstante é crucial para a seguridade viaria na zona.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, manifesta que efectivamente existe ese compromiso para facer esa obra. A verdade é que se está atrasando moito, igual que outras similares, porque tamén hai acordos con outros veciños ou asociacións para facelas. Dende Obras e Servizos tiñan previsto facelas co persoal que mandaban antes a través dos convenios das corporacións co Inem. Iso cambiou nestes últimos dous anos, primeiro a Xunta mandoulles persoal que non tiña a cualificación suficiente para eses traballos, nin para poder poñerse a facer ese tipo de tarefa. Logo cambiou outra vez, o ano pasado viñeron de Deputación, pero mandáronlles por tres meses a media xornada, non dou tempo de facer ningunha desas cuestións, dedicáronse basicamente a reparar beirarrúas xa feitas, baldosas que estaban en mal estado.

Conclúe dicindo que ten pendente esa obra, ten outra similar en Aldea de Arriba, outra no Drozo en Anceis. Ten pendente tamén un área de servizo para autocaravanas, etc. Ten varios temas pendentes que lle foi imposible facer por culpa de que xa di que a xente que veu non era cualificada, en principio, e os do ano pasado porque con ese pouco tempo non lles deu tempo de facelo, pero están facendo os trámites para contratar dez operarios, o concello directamente. Agarda que a principios de ano empecen e que antes de rematar a lexislatura este tipo de compromisos que adquiriu tanto con UxC como con outras asociacións ou veciños, podelos cumprir e rematalos.

Cando son as 21:40 horas auséntase do salón de sesións don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, por non atoparse ben.

### **Rogos de EU presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 0/9800 o día 24 de novembro de 2014, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

Don Luis Miguel Taibo Casás, manifesta que en primeiro lugar vai dar lectura ao rogo que tiñan presentado como moción, e explica que se trata da posta en marcha dun programa de rutas escolares seguras. Lamenta que os compañeiros do resto dos grupos non teñan esta documentación, e a verdade é que non entende o interese que pode ter o Goberno para non facilitarllela e, dito sexa de paso, tamén incumpren o regulamento ao non facelo.

A continuación dá lectura ao rogo.

1º Un dos maiores retos aos que se enfronta calquera concello é dar resposta aos problemas de mobilidade, en especial para os nenos/as, maiores e persoas con mobilidade reducida.

En Cambre, un dos principais problemas son os atascos é a conxestión do tráfico creada nas inmediacións dos centros escolares de ensino, sobre todo en horarios de entrada e saída, como é o caso da área máis urbanizada do Temple, onde os nenos/as teñen que facer verdadeiros malabarismos no desprazamento para chegar aos colexios, motivado os múltiples obstáculos ao longo do camiño.

O reto por tanto, é facer itinerarios peonís seguros. Neste contexto enmárcanse os proxectos de “ruta escolar segura”, que pretenden dotar os percorridos de maior comodidade e autonomía posibles.

Estes proxectos pretenden fomentar a mobilidade sostible entre os máis pequenos, mellorar a seguridade cidadá na contorno dos centros escolares e a seguridade viaria no desprazamento. Polo tanto, estas rutas escolares seguras serven para proporcionar aos nenos/as aprendizaxes útiles para interactuar co seu contorno diario, adquirindo coñecementos sobre seguridade viaria e fomentar hábitos que reduzan a dependencia do automóbil.

Convocar á comunidade educativa, aos veciños, é unha tarefa ineludible para o éxito do proxecto, unha adecuada participación cidadá debe ser o exemplo básico na promoción da mobilidade sostible, onde a coordinación e colaboración entre todos os actores implicados, incluídos os do propio concello, son fundamentais en todo este proceso.

Entre as medidas que inclúen estes proxectos de “ruta escolar segura” figuran a mellora das beirarrúas, a sinalización, vixilancia preventiva das rutas ou programas de inspeccións e transporte, como o acondicionamento das paradas a adecuación do mobiliario urbano ou a limpeza dos percorridos establecidos.

Polo exposto o grupo municipal de Esquerda Unida propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: O Concello de Cambre planificará un proxecto para a implantación dun programa municipal de itinerarios seguros para os centros escolares educativos, como instrumento para impulsar “ruta escolar segura”, garantindo unha adecuada participación cidadá, implicando a toda a comunidade educativa, asociacións, Protección Civil, Policía Local, etc.

Segundo: O Concello de Cambre estipulará na dita planificación unha primeira experiencia no CEIP Portofaro, para comprobar o seu funcionamento, co fin de achegar novas suxestións e corrixir posibles aspectos antes da súa implantación noutros centros do concello.

Terceiro: Do presente rogo, darase conta a todos os centros de ensino público do concello, aos consellos escolares e ás Anpas.



Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, manifesta que o seu grupo con este rogo están totalmente de acordo, porque levan traballando neste tema xa dende o principio do curso.

Atópanse coa problemática de que necesitan unha partida orzamentaria para poder levar a cabo bastantes das reformas que hai que facer nalgunhas zonas, por iso dividiron o proxecto, primeiro creouse unha comisión formada polo enxeñeiro municipal, Protección Civil, Policía Local e Educación, e tamén van implicar a Mobilidade.

A partir de aí dividiron o proxecto en dúas partes, a primeira parte que é a que xa están facendo, que foi a recolocación, nalgúns casos cambio de parada do autobús, noutros casos sinais de prohibición e circulación en sentido único, ou posta dun aparcadoiro nalgunhas zonas. Ou sexa, están empezando xa coa primeira fase do proxecto, que sería este que non tiña un custo, porque o aparcadoiro fixérono os de Obras, e o resto estiveron facéndoo cos medios que podían.

No segundo paso, que serían xa as sendas seguras, pódelles dicir que xa se ten traballado, ten aquí toda a documentación, no que se está traballando xa dende o mes de setembro. Agora nos orzamentos, cando os leven a cabo, meterase unha partida orzamentaria suficiente para poder facer as reformas necesarias en todos os colexios. Seguramente haberá que cambiar sinais, elevar pasos de peóns ou facer o ancho das beirarrúas un pouco maior nalgunhas zonas, pero é un proxecto no que levan xa traballando dende o mes de setembro.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que se alegra de que polo menos se teña comezado a traballar neste proxecto, aínda que a verdade é que non se ve, agás no contorno propio onde están os colexios, na inmediatez da entrada aos colexios. No que son as rutas ás que se refire esta proposta, non se ve que se teña mellorado nada. Pon como exemplo o que explicaba antes, no Temple xa lle contarán a cantidade de malabarismos que os rapaces teñen que facer para chegar ao colexio Portofaro e a cantidade de obstáculos cos que se atopan. El aí si que non viu ningún sinal, ningún paso elevado, ningún aparcadoiro disuasorio, ningún sinal horizontal, vertical, nin nada. Teñen dúas rutas, unha ruta baixando pola Tapia, onde se atopan no Paraugas, que é un suicidio andar por alí, e outra ruta é meterse por debaixo do polígono do Temple, que aí el non viu que se fixera nada, agás hai xa bastante tempo, cando se meteron unha especie de bolardos na marxe do río Gándara. É o que eles viron.

Por outra parte, di que a Sra. concelleira estalle falando aquí de que se crea unha comisión, e el entende que é unha comisión técnica, porque para nada lle falou de que se teña comentado coas Anpas, nin coa comunidade escolar, e el pensa que eles tamén son protagonistas nese proceso, a comunidade escolar, as Anpas e outra xente que poida participar, por exemplo os comerciantes, como ocorre en moitos sitios. Di que eses camiños hai que sinalizalos, e esas experiencias estanse levando a cabo en moitísimos sitios do país, en Galicia, e parécelle que na Coruña hai incluso unha experiencia parecida, e noutros sitios. Pero non ve en Cambre que se fixera nada para plasmar o que están dicindo, si se fixo algo nuns temas puntuais, pero como dicía antes, limítanse basicamente á entrada e saída dos colexios.

Por iso di que se debería avanzar nese sentido e que, efectivamente, claro que sen orzamento non hai nada, pero iso xa depende do equipo de goberno, xa podían telo presentado nos orzamentos anteriores, porque estas carencias xa existen hai moitísimo tempo. EU o que fai é tratar de traer a este pleno as demandas que lle fan a comunidade escolar, moitas familias, sobre todo da zona do Graxal, e que consideran xustas.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel manifesta que está de acordo co voceiro de EU en que este é un problema de hai moitos anos, e que se puido ter feito hai moitísimos anos, e non se fixo. Agora vaise facer, faltan os orzamentos.

Como lle dixo, aínda non se ten terminado de levar a cabo a primeira fase, que é a recolocación dos autobuses, aparcadoiros disuasorios e sinais. Esa sería a primeira parte, e aínda non teñen acabado, porque non están postas nin en Brexo-Lema nin en ningún outro lado. As medidas que se tomaron, de momento aínda non se levaron a cabo en case ningún dos centros.

E a segunda parte, primeiro hai que sentarse, ver exactamente de modo técnico como se vai desenvolver ese proxecto, e nese momento presentárllelo ás Anpas e aos consellos escolares, para que fagan as súas achegas e colaboren, e aos comercios e a todos os voluntarios. Pero teñen que ir con algo máis ou menos feito, non poden ir cunha idea dunha senda segura, teñen que ir cun traballo máis ou menos feito, e niso están, e en canto se poida vaise facer, en canto se meta nos orzamentos, para poder ir tomando as medidas que se tomen e poder facelas.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que tamén se esqueceu de pasárllelo aos grupos políticos, porque falou dun montón de Anpas e veciños, pero cre que tamén debería pasárllelo aos grupos políticos, tamén terán algo que dicir nese sentido.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel dille que saben que teñen o seu despacho aberto e que poden achegar, sempre que queiran, calquera cousa positiva, parécelle que sempre os ten recibido. EU quere traballar nese tema, el propúxoo, agora o trae aquí a pleno, e ela está encantada de recibirlles calquera tipo de proposta, esta e outro tipo de propostas.

Don Luis Miguel Taibo Casás indica que primeiro terán que saber a que teñen que achegar, antes de suxerir algo teñen que saber a que teñen que achegar. Cando teñan o proxecto ou algo, si que achegarán suxestións, pero primeiro teñen que coñecelo.

O Sr. alcalde intervén para manifestar que están de acordo. El cre que é un tema que se puxo en marcha, que o pensaron a raíz precisamente do que o Sr. Taibo citou que se está facendo na Coruña. Foi unha idea, implicaron primeiro á Policía local, loxicamente, despois á parte de Mobilidade, fixéronse as primeiras indagacións, e estase facendo a primeira fase. Teñen informe da Policía e, en canto teñan todo iso, iránllelo pasando para que todo o mundo achegue ideas.

Hai que contar, loxicamente, cos empresarios de Cambre, os comercios por onde van circular as rutas seguras, e todo iso. Pasaranlles a documentación para achegar ideas

antes de levalo a cabo, loxicamente. Agora están acabando a primeira fase, porque é importante reordenar o tráfico de autobuses. É importantísimo porque de verdade que hai situacións de perigo. Teñen algunhas dificultades nalgunha das paradas, pero el cre que ao final levarán ese cambio a cabo, será beneficioso para todos, e inmediatamente poñerán en marcha a ruta segura. Para iso habilitarán loxicamente un orzamento, porque sen orzamento non se pode facer, porque hai cambios en sinais, pasos de peóns, etc. Pero manteranos ao corrente, iso está claro, e agradecen moito este rogo, aínda que non sexa unha moción.

Conclúe pedindo desculpas porque esta documentación non se teña remitido aos demais grupos, pídlle desculpas a todos, porque non sabe por que ao considerar que estaba fóra de prazo non se mandou, pero de todas formas debía terse mandado.

2º Pregamos ao Sr. alcalde nos informe se ten coñecemento das actuacións previstas pola Xunta de Galicia, para executar a memoria valorada presentada polo concello, para mellorar a seguridade viaria na estrada AC-214 entre A Castellana e Pravio.

O Sr. alcalde explica que respecto desa memoria valorada que levou ao responsable da Consellería de Infraestruturas na Coruña, ao xefe territorial, de momento non ten contestación, porque lle dixeron que este ano non tiñan orzamento para facelo, que posiblemente a primeiros do ano 2015 podían habilitar un orzamento e facer algunha das obras de seguridade viaria que están previstas nesa memoria que se lles presentou. Di que eles coa actuación do POS van facer algunha nesa estrada, pero á altura de Pravio, A Castellana, é a primeira que van afrontar e agarda que así o fagan.

Continúa dicindo que ten unha reunión con ese responsable a vindeira semana, non sabe se é o día 4 ou o 5, e a raíz do que lle digan, váillelo comunicar. Pero de momento dixéronlle que este ano non podían facer a actuación porque non tiñan orzamento. Pintaron a estrada, repararon algunhas fochancas, pero dixeron que para facer as actuacións principais da memoria non tiñan orzamento, pero que o farían a primeiros do ano 2015.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, dille que con este tema levan case catro anos. Xa preguntou unha vez no pleno se o Sr. alcalde non sentía vergonza de pertencer a ese Goberno da Xunta. Agora está a falarlle dunha actuación puntual que non ten demora. Iso non debe ter demora, pregunta a que están esperando, se a que alguén descargue sobre eles algún accidente que poida pasar alí con desgrazas graves. Pregunta se están agardando iso.

Sinceramente, el sexa do color que sexa a Xunta, sentiría vergonza por dous pasos de peóns, onde están arriscando a vida cada día os veciños, e sobre todo os nenos, como ben dicía un día o Sr. alcalde, que teñen que cruzar no cruceiro de Pravio, unha das estradas máis perigosas que hai, onde hai unha curva.

Pregunta se non lle dará vergonza á Xunta de Galicia non facer esa actuación, que a levan pedindo nesta lexislatura tres anos. El de verdade lle di ao Sr. alcalde que ao mellor toman a decisión de convocar a toda a cidadanía e paralizar e cortar o tráfico en Pravio, iso é o que merece a Xunta de Galicia, e este concello por non esixir convenientemente que se actúe nese sitio concreto.

De verdade, o Sr. alcalde pasa por alí todos os días, todos pasan por alí, e pregúntalles se non ven o perigo que hai, é un dos sitios máis perigosos deste concello. Este tema é lamentable.

O Sr. alcalde dille que el non sabe o que significa a vergonza, nin é membro da Xunta de Galicia, nin moito menos. É membro do partido que goberna na Xunta de Galicia, pero é alcalde de Cambre, e el sabe a insistencia que fai. O Sr. Taibo refírese exclusivamente a Pravio, pero a AC-214 é un tramo moi longo. El sabe que en Pravio hai un problema moi grave, pero pregúntalle porque non lle cita tamén o problema de seguridade que hai en Sigrás, na Xira, porque ese é outro problema.

Di que o proxecto do tramo da Xira, entre a N-550 e o Mesón Vasco, xa está feito, e vaise facer a obra inmediatamente. El cada vez que vai á Xunta reclama a memoria que lles levou en man, cada vez que vai. Estalle dicindo que pasado mañá ten unha entrevista co xefe territorial e vaille volver reclamar. O xefe territorial díxolle que este ano non tiña cartos, pero prometeulle que a primeiros do ano que vén ía facer esa actuación. Están en novembro. El vaille pedir o día 4 ou 5, que non sabe que día é, que lle poña data para facer esa actuación, e inmediatamente que a teña, co que lle diga, váillela notificar, xa llo acaba de dicir.

A el non lle dá vergonza ir cincuenta veces a insistir sobre un tema que é prioritario, igual que para el é prioritario cambiar de sitio o cruceiro de Pravio. Pregúntalle que quere que lle diga, é prioritario, e leva insistindo con Patrimonio tres anos, pero vai conseqüilo, dille que non se preocupe.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que as actas do concello están aí para velas, e lémbrale que non hai ningunha estrada en Cambre, tanto da Deputación como da Xunta de Galicia, sobre a cal o grupo de EU non pedira seguridade viaria, ningunha. Dille que como ían dicir o de Sigrás se xa saben que está a facelo, pero si que pediron pola zona de Sigrás, en varios tramos, incluso pediron dende o límite co Concello de Culleredo, ata o límite co Concello de Bergondo. E a da Deputación exactamente igual, de Cambre a Carral, de Pravio a Carral, todas. Concretamente pregunta por ese punto na de Pravio porque o Sr. alcalde lle dixo que tiña presentado unha memoria valorada por ese tema en concreto, por iso lle pregunta sobre ese punto.

Pídelle que non lle diga que EU non se preocupa pola seguridade viaria neste concello, porque iso é mentira, e o Sr. alcalde sábeno perfectamente, non os poden acusar de non presentar iniciativas respecto da seguridade viaria no concello. Agarda que vaia e que lle digan a data exacta para facer esa actuación, agarda que llo digan, e que non lle tomen o pelo como llo están tomando ata o de agora.

O Sr. alcalde manifesta que a el ninguén lle toma o pelo. O voceiro de EU preguntoulle se non lle daba vergonza, e el quere que faga unha análise dos tres anos ou tres anos e medio que leva aquí, dille que faga unha análise simplemente do conseguido en subvencións na Deputación e na Xunta para Cambre. Pídelle que faga simplemente esa análise e pódelle dicir que a el non lle dá vergonza ir á Xunta.

Tamén lle pide que non terxiverse as súas palabras, el xa sabe que EU fai moitas iniciativas polo tema da seguridade viaria, e el agradece que fagan esas iniciativas, e é o primeiro en levalas e en ir reclamalas, o primeiro. E non é soamente nesa estrada, tamén levou a da AC-221, a senda peonil, que iso é perigosísimo para ir a Apeadeiro, Cecebre. Tamén a ten reclamada, e tamén se vai facer a obra, tamén, dille que non se preocupe.

El sabe que son momentos difíciles e que todo non se pode pedir xunto, porque ao mellor danlle unha patada a un e bótano á porta, por iso el vai pouco a pouco. Reitéralle que faga unha análise do conseguido nos tres anos, da Xunta e máis da Deputación, das dúas cousas. Conclúe dicindo que xa lle dará a data.

Don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC, intervén para manifestar que el, en primeiro lugar, está totalmente de acordo coas manifestacións do voceiro de EU, ademais é certo que o seu grupo é moi sensible con todo ese tipo de deficiencias que teñen neste concello. Pero tampouco cre el que o PP non sexa sensible ante estas cousas e ante estes asuntos, e non cre que porque estea gobernando o PP na Xunta de Galicia, dende o Goberno municipal non vaian solicitar cousas que van ir en beneficio, primeiro do propio PP do concello, e dos veciños de Cambre.

Di isto a colación de que cando el era voceiro do PP, na lexislatura 2003-2007, gobernando o PP na Xunta de Galicia, antes do 2005, e o Sr. Taibo seguro que se vai lembrar, e el cre que hai aquí tamén outros concelleiros que estaban con el entón, a consecuencia dun atropelo cunha vítima mortal en Pravio, convocaron unha manifestación no cruceiro de Pravio, cre lembrar que un sábado pola tarde, cunha pancarta, incluso cortaron a estrada, solicitando beirarrúas. A consecuencia desa manifestación foi cando se construíron as beirarrúas. E por certo, ten que dicir tamén que hai aquí hoxe concelleiros que entón estaban gobernando, e que non estiveron naquela manifestación. O Sr. Taibo si que estaba, e ademais el invitouno persoalmente a unirse ao grupo popular, e estivo ao seu lado.

El imaxina e está convencido de que por parte do Goberno local serán os máximos interesados en que haxa seguridade viaria na zona. De todas formas, insiste en que está de acordo co Sr. Taibo, e quere facer fincapé neste tipo de cousas, sobre todo aproveitando o principio de ano e como están xa aí os orzamentos, a ver se son capaces entre todos de mellorar a seguridade viaria do concello.

3º O noso grupo municipal presentou unha iniciativa no pleno de setembro pasado, sobre a realización dun estudo para o acondicionamento de espazos, co fin de instalar parques de recreo e actividades para persoas maiores.

Pregamos nos informen do motivo de non ter informado sobre a instalación dos mencionados servizos e a súa localización?

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, explica que se aprobou inicialmente o modificado ao proxecto de urbanización da unidade de execución número 23. Someteuse o expediente a información pública durante 20 días mediante anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*. O prazo para presentar alegacións terminaba o 25 de novembro, van deixar que pasen uns días máis por se acaso

puideran chegar alegacións a través, ou ben de Correos ou doutros rexistros que non sexan o Rexistro municipal. Se non se presentara ningunha alegación pasarían xa á aprobación definitiva. No momento en que iso se produza o único que lles quedaría sería solicitarlle á promotora que presente unha serie de certificados que aparecen no último informe que fai o enxeñeiro municipal, e no momento no que estean entregados xa se poderá abrir ao público.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que el tiña algunha dúbida, porque algunhas persoas dixerónlle que xa estaba aberto, e que se podía acceder. El díxolles que posiblemente, porque a Sra. concelleira a última vez que lle preguntou, que foi en xuño do 2014, díxolle que nun par de días abría.

Xa pasaron máis dun par de días, pasaron máis de dous meses, e el pensaba que efectivamente xa estaba, porque lle dixeron que si se podía acceder, pero como non o ten demasiado claro e oficialmente non ten coñecemento, por iso lle pregunta a ela.

Dona Rocío Vila Díaz contesta que agora mesmo recepcionadas as obras non o están, quedarían uns trámites.

Don Luis Miguel Taibo Casás pregúntalle cando lle dixo que teñen pensado finalizar todo isto.

Dona Rocío Vila Díaz explica que o prazo para alegacións terminaba o día 25 deste mes. A media mañá de hoxe non había ningunha. Se non chega ningunha, ela entende que a próxima semana poden pasar xa á aprobación definitiva e pedirlle á promotora que presenten eses certificados. No momento no que estean presentados no concello, farán a recepción oficial.

4º Pregamos nos informen da situación actual de acceso e uso público do parque infantil situado no patio interior da UE-23 na rúa Tapia.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, indica que como xa fixeron tres rogos e queren ser estritos co Regulamento non tiñan pensado facelo, pero se o Sr. alcalde é transixente con isto, eles non teñen problema ningún.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, concelleira de EU, explica que este rogo, que inicialmente ían retirar, precisamente era polas noticias aparecidas en prensa en relación cunha iniciativa que presentaron no pleno de setembro sobre a realización dun estudo para o acondicionamento de espazos co fin de instalar parques de recreo e actividades para persoas maiores, e pregaban que lles informaran do motivo, segundo o compromiso do concelleiro, de telos informados sobre a instalación dos mencionados servizos e a súa localización.

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, manifesta que, simplemente por matizar, efectivamente no pleno de setembro EU presentou unha proposta que el acolleu, como non podía ser doutra maneira. Lamenta de antemán se non lles teñen transmitido a información, porque seguramente sexa, ou mellor dito é culpa súa directamente, pero tamén quere aclarar que este proxecto leva

dende o 31 de marzo deste ano, quere dicir que con bastante anterioridade á presentación da iniciativa no pleno de setembro.

### **3.3. Preguntas**

#### **Preguntas do PSdeG-PSOE presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 0/9775 o día 22 de novembro de 2014, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª Denuncian veciños beneficiarios do servizo municipal de axuda a domicilio que, de novo, véñense a producir atrasos no paso ao cobro dos cargos municipais pola súa prestación. Resulta frecuente que se poñan ao cobro dous ou, incluso, tres recibos á vez, o que ocasiona graves distorsións ás economías dos veciños.

É por todo isto, polo que este grupo pregunta:

Cales son as razóns de que se produzan estes atrasos e subseguintes acumulacións no cargo ás contas bancarias dos veciños, dos recibos mensuais de axuda a domicilio?

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, contesta que o motivo principal é que realmente agora mesmo estase facturando cun pouco de atraso. Actualmente dous e tres recibos non se están pasando, de momento, pero ao mellor haberá que pasalos, porque vai con atraso a facturación, e vaille comentar a razón.

No que vai de ano houbo tres modificacións respecto dos recibos. Houbo unha modificación da ordenanza fiscal e reguladora por parte do concello. Un cambio de empresa o 30 de marzo, co cal houbo tamén que modificar as tarifas, e despois a actualización do decreto da Xunta. Todo coincidiu neste ano.

Houbo que solicitar aos usuarios nova documentación, na que tiñan que achegar documentación de todos os membros da familia, e actualizala. Como todos saben os usuarios son persoas que na maior parte dos casos teñen unha mobilidade reducida, non teñen autonomía propia, nalgúns casos non teñen familiares tampouco, co cal a tardanza na entrega da documentación foi bastante longa. Logo houbo algunhas persoas ás que llela houbo que volver requirir. Ata que estivo toda a documentación completa non se puido facer a facturación.

Ese foi o motivo dos atrasos. Agora mesmo xa se está case ao día, e poñeranse os recibos ao cobro. Non obstante, dende o Departamento cónstalle que están chamando aos usuarios para comunicarlles este atraso nos recibos, e a maior parte deles dixéronlles que os poñan todos xuntos, que prefiren ter todas as cousas ao día e non estar con recibos pendentes. Noutros casos, como non foi culpa dos usuarios o atraso, pactarase con eles como poden pagalo, pero son traballos realizados e os motivos foron eses.

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, di que unha puntualización, se lle permiten. Por parte do grupo socialista agradecen que o persoal de Servizos Sociais estea moi enriba deste tema, porque cren lembrar que xa se trouxo a este pleno noutra ocasión, non saben se os motivos coinciden plenamente ou non con este caso, pero si lles gustaría que se incidira moito en falar persoa por persoa, usuario por usuario, para ver as necesidades de cada persoa nese sentido, poder afrontar todo xunto ou parcialmente, ou como sexa. Que se facilite o máis posible por parte do concello.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel dille que iso xa se está facendo, e que o motivo que teñen actualmente son esas tres razóns que lle explicou, que coincidiron todas neste ano. Máis o menos no mes de marzo ían ao día. En canto aos pagos anteriores, cando xa se tiña regularizado, foi por un problema totalmente distinto, tiñan un sistema de facturación malo, moi malo, e acumuláronse case nove meses de atraso. Iso púxose todo ao día, en marzo ían perfectamente ao día coa facturación, xurdiron esas circunstancias dos cambios, houbo que pedir documentación, e orixinouse este atraso.

Conclúe dicindo que agardan poder solucionalo e, dende logo, poñéndose en contacto con todos os usuarios.

2<sup>a</sup> Na rúa Ramón Cabanillas, case na confluencia coa rúa Vicente Risco, existen dúas prazas de aparcamento reservadas para discapacitados, que se instalaron no seu día para dar servizo aos que utilizaban un local sito nese punto. Tendo en conta que na actualidade ese establecemento non existe e é de supoñer que, polo tanto, a necesidade de reserva de aparcamento ten desaparecido, é polo que este grupo pregunta:

Existe algunha razón a día de hoxe para manter esas dúas prazas de aparcamento reservadas?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que obrigatoriamente por lei ten que haber como mínimo un 2% de prazas de aparcamento para discapacitados na zona. Non se fan porque haxa un establecemento determinado, ás veces aproxímanse en función de que ao mellor haxa un discapacitado nun portal, ou tal, ás veces fan unha modificación dese tipo, pero sempre nese aspecto. Por iso, en principio non teñen pensado quitalas, ademais é un sitio no que normalmente hai sitio para aparcar, así que en principio non estiman oportuno quitalas. En todo caso habería que contar todas as prazas de aparcamento, por se acaso, porque non as ten contadas tampouco.

Dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que é unha reclamación que fan os veciños, posto que pasan a miúdo por alí e están sempre libres. Ela non quita a importancia desas prazas, soamente é unha pregunta que están facendo os veciños.

Don Manuel Marante Gómez dille que ao mellor non coincide que alí haxa persoas discapacitadas e non as utilizan habitualmente, pero por lei hai que manter un 2%.



3ª Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo retira a 3ª pregunta.

### **Preguntas de UxC presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 0/9779 o día 22 de novembro de 2014.

1ª Veciños de Cambre pregúntannos a canto ascendeu o custo final do cambio do Paraugas do Temple?

O Sr. alcalde contesta que a cifra exacta, e esta é unha pregunta que xa lles fixo outro grupo, cre que o pleno pasado, o que está no proxecto son 10.000 euros. O custo exacto non o sabe, pero o que está no proxecto son 10.000 euros. Se custou máis ou menos, o proxecto non é do Concello de Cambre, é da Xunta de Galicia e el non sabe canto foi, pero o que pon o proxecto son 10.000 euros.

2ª Poderían explicarnos o motivo por que a día de hoxe aínda non se repuxo a varanda de aceiro inoxidable do paseo do río Mero á altura da urbanización A Barcala?, despois de que xa hai meses o grupo municipal de UxC fixese esta petición ao Goberno municipal.

O Sr. alcalde contesta que a varanda de aceiro inoxidable do paseo do río Mero, na Barcala, xa se repuxo, cre que foi tres veces, e as tres veces acabou desaparecendo.

Todos saben da actuación que se vai facer por parte da Deputación e de Augas de Galicia, conxuntamente, para facer o carril bici metropolitano, co cal Augas de Galicia, que colabora no proxecto, vai facer unha limpeza xeral do río, e ademais poñer en marcha o proxecto, que agarda que nos vindeiros días lles entreguen, das tres zonas de ocio que están previstas, entón, dende o concello esixiranlles a eles que repoñan a varanda, porque senón o concello o único que fai é gastar cartos para que lle rouben.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de UxC, solicita que en canto lle fagan chegar o proxecto llelo pase ao resto dos grupos.

O Sr. alcalde contesta que a todos os grupos se lles pasará.

3ª Ten pensado o Goberno municipal arranxar a entrada ao cemiterio do Temple?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que non, dado que se trata dunha entrada privada. O concello aí pouco ou nada pode facer, é de servizo, non é un camiño público.

### **Preguntas de EU presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 0/9800 o día 24 de novembro de 2014, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª Que información ten o Goberno sobre o inicio de negociacións coa Fundación Tenreiro, para adquirir terreos na parroquia de Cela, segundo a moción presentada polo noso grupo no pleno de setembro e aprobada por unanimidade?

O Sr. alcalde contesta que do tema da Fundación Tenreiro, el falou dúas ou tres veces co xerente, non sabe en que data llo trasladará el á xunta da fundación, para que lles dean unha cifra de valoración e saber que é o que pretenden por eses terreos. O concello ten feito unha valoración xa dende hai algúns anos, xa estaba feita unha valoración deses terreos, pero el non sabe o que pretende agora a Fundación Tenreiro, por iso quere que eles lle fagan unha valoración, para dende o concello facer unha contraoferta e poder chegar a unha negociación.

De momento que el saiba, el estivo falando co xerente hai dúas semanas, ou algo máis, e de momento non tiveran a reunión para tratar este tema. É o que lle pode comentar agora mesmo.

2ª En relación coas noticias publicadas nos medios de comunicación sobre a gratuidade da peaxe na autoestrada AP-9.

Pode informarnos o Sr. alcalde sobre o acordo acadado no Consorcio das Mariñas sobre a iniciativa de solicitar ao Goberno de Estado e Xunta de Galicia, para negociar coa concesionaria a eliminación da peaxe en Bergondo, Guisamo e Macenda?

O Sr. alcalde contesta que el trasladaralles os escritos que fixo o Consorcio das Mariñas, mañá diralle á súa secretaria que lles traslade eses escritos. Son os escritos que precisamente fixo o Consorcio, o seu presidente, con todos os concellos, á conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, á ministra de Fomento e a Audasa (*Autopistas del Atlántico*), pedindo a gratuidade nos peaxes de Guísamo-Santa Marta-Macenda, A Coruña-Barcala-Guísamo-Santa Marta, e A Coruña-Barcala-Macenda.

Dona Mª Olga Santos López, concelleira de EU, pregunta se hai resposta.

O Sr. alcalde dille que non, que iso foi trasladado o 28 de outubro do 2014, por parte do Consorcio das Mariñas a eses tres organismos. É o que lle pode comentar, de momento non ten noticias de que haxa resposta.

Dona Mª Olga Santos López pídelle que os informe no caso de que teñan resposta.

O Sr. alcalde dille que de acordo, que lles pasarán agora isto e, se hai resposta, pasaránllela tamén.

3ª O pasado venres, con motivo das obras nas inmediacións do Paraugas, producíronse longas colas e retencións do tráfico ao longo do día, especialmente no Temple. Chama a atención a falta de previsión e información a cidadanía, que tivo que soportar o enorme caos que dificultou o desprazamento e mobilidade na zona.

Poden informarnos da situación producida e dos motivos que impediron unha maior información e coordinación entre o concello e a empresa que realiza as obras?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, explica que o asfaltado desas obras estaba previsto para facelo os días 31 de outubro, 1 e 2 de novembro, que eran sábado e domingo, festivos, pero choveu e soamente puideron facer unha parte, a outra parte quedou feita, pero fresado o aglomerado, á espera de que viñera algún día bo para poder aglomerar.

Ante as previsións de que o venres non ía chover, avisaron ao concello o xoves, que ían aglomerar o venres. O concello colaborou na medida do posible para tratar de solucionar os problemas, pero non houbo tempo material para avisar a ninguén. Iso foi un pouco como foi a situación desa obra.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e vinte minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Manuel Rivas Caridad

M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia